

Número 15 - Ano 2021

ACTA

da sesión EXTRAORDINARIA, en primeira convocatoria, celebrada polo Pleno do Excmo. Concello de Lugo o día

23 de decembro de 2021

Ás doce horas e trece minutos do día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e un; baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcadesa, DONA LARA MÉNDEZ LÓPEZ, reúnense por medios telemáticos os concelleiros e concelleiras DON RAMÓN CARBALLO PÁEZ; DONA MARÍA CARMEN LÓPEZ SILVA; DON ANTONIO AMEIJIDE OSORIO; DONA BEATRIZ ISABEL VÁZQUEZ BELDA; DON MANUEL LÓPEZ FERNÁNDEZ; DONA SAGRARIO SÁNCHEZ RAMIL; DON ÓSCAR POY FRANCO; DON JAVIER VÁZQUEZ PRADO; DONA MARÍA CRISTINA ABADES MARTÍNEZ; DON MANUEL RAFAEL PÉREZ-PRADOS; DONA MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde da Área de Gobernanza, Economía e Recursos Humanos; DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área de Cohesión Territorial; DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cohesión e Dinamización Social; DON MAURICIO VICTORIO REPETTO MORBAN, Concelleiro Delegado de Xuventude e Deportes; DONA MARÍA OLGA LÓPEZ RACAMONDE, Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e Persoas Maiores; DONA SILVIA ALONSO PÉREZ, Concelleira Delegada de Muller e Igualdade; DON RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, Ilmo. Tenente de Alcalde Delegado da Área Mobilidade e Infraestruturas Urbanas; DONA TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, Ilma. Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua; DON ALEXANDRE PENAS ROIBÁS, Concelleiro Delegado de Infraestruturas Urbanas; DONA MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ, Ilma. Tenenta de Alcalde da Área de Participación e Servizos para a Veciñanza; DON FELIPE RIVAS JORGE, Concelleiro Delegado de Educación e Difusión do Coñecemento; DONA MARÍA OLGA LOUZAO ALDARIZ e DON JUAN MANUEL VIDAL-PARDO GARCÍA, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria do Excmo. Concello Pleno, en primeira convocatoria, conforme á correspondente orde do día.

Para os efectos de votación, faise constar que a Corporación municipal está formada por vinte e cinco concelleiros de feito e de dereito, incluída a presidenta.

Non asiste DON ÁLVARO SANTOS RAMOS que xustifica a súa ausencia por atoparse de baixa.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refº: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

Dá fe do acto o Secretario Xeral do Pleno, don Rafael José del Barrio Berbel, e está presente o Interventor Xeral Municipal don Manuel Vázquez Fernández.

A presente sesión foi convocada por resolución da Alcaldía de data 20 de decembro de 2021, e notificada por Secretaría aos membros da Corporación, para levar a efecto o "DEBATE SOBRE O ESTADO DO CONCELLO, previsto no Regulamento Orgánico Municipal do Pleno do Concello de Lugo (ROMP) no seu artigo114.

Aberto o acto pola Presidencia e da súa orde, étrase seguidamente no referido debate, producíndose as seguintes intervencións:

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Imos dar comezo ao Pleno do debate do estado da cidade e do concello do ano 2021. Así que moi bos días a todos e a todas, aos concelleiros e concelleiras da Corporación, a toda a veciñanza de Lugo e aos xornalistas que nos seguen neste Pleno sobre o debate do estado do concello en *streaming* ou a través da web municipal.

Reunímonos hoxe aquí para presentar o balance dun ano de xestión municipal e de acción política, un ano complexo e de gran dureza porque é o segundo que, como Goberno e como sociedade, tivemos que facer fronte a todas as consecuencias sanitarias, sociais e económicas orixinadas e que aínda perduran derivadas da emerxencia da pandemia. Por iso quero lembrar unha vez máis todas aquelas persoas e familias que sufriron e sofren o virus da Covid-19, as que perderon algún dos seus seres queridos e as que viven de preto a enfermidade. Para todas e todos eles mandamos unha mensaxe de agarimo e alento.

Tamén quero agradecer de novo o traballo dos colectivos e profesionais e de voluntarios que seguen a estar en primeira liña para intentar coidar, protexer e acompañar a poboación; sectores moitos xa recoñecidos pola cidadanía coa recente entrega das Medallas de Ouro do Concello. Para eles vaia de novo o noso máximo agradecemento polo seu comportamento e dedicación.

E grazas infinitas tamén á poboación lucense por afrontar con afouteza e valor as incertezas que propicia esta situación sanitaria sen perder o ánimo nin deixarse abater polas dúbidas. Pero quero destacar que, como comunidade, aprendemos a convivir co inesperado cunha dignidade e responsabilidade colectiva da que todos e cada un de nós debemos sentirnos realmente orgullosos.

Neste ano 2021 a vacina chegou coma unha esperanza. Se no primeiro estado do debate do concello finalizaba facendo alusión á confianza na ciencia e na investigación como gran ferramenta para saír da crise, hoxe podemos destacar, xa que o 82,3% da poboación española conta coa pauta completa da vacinación, porcentaxe que ascende a un 85,27% no caso de Galicia, e xa comezamos coas doses adicionais e as vacinas infantís. É un gran logro de toda a sociedade e do ámbito científico e loxístico, unha conquista que nos permite agora atravesar unha nova ola de contaxios con menos virulencia médica, aínda que non exenta de grandes riscos, polo que debemos manter a máxima prudencia e vixilancia,

administracións e cidadanía, porque debemos seguir apelando á responsabilidade individual como un dos maiores bens colectivos que nos debemos regalar.

E é neste contexto onde hoxe debatemos o estado do concello, un estado sobre o que é obrigado destacar que resistimos e nos estamos a recuperar, recobrando o pulso dunha cidade vibrante, enérxica e chea de vida. Algún dos datos que así nolo ratifican son os máis dos 36,6 millóns de euros que se xeraron de riqueza só se contabilizamos o volume de licenzas concedidas en Xunta de Goberno Local; ou que as cifras de paro rexistradas o mes de novembro deste ano son as máis baixas da década, as máis baixas de España, dun 11,5, case 4 puntos menos no ano 2020, e 1,5 puntos menos que no ano 2019, en etapa prepandémica.

Estando a abrir novos hoteis, empresas... Tan só dende o Centro de Innovación e Emprendemento municipal axudamos a poñer en marcha dende o inicio da pandemia 41 novas empresas, 41 novas ilusións de vida e proxectos profesionais traballando xa e facturando.

Son cifras que nos convidan a mirar cara a diante con optimismo despois de meses de ERTE e de peches, sen triunfalismos porque temos un longo camiño que percorrer para fixar poboación e talento no noso territorio, e para esa recuperación proxectamos unha folia de ruta que tamén detallarei no transcurso do debate e das contas sobre a xestión municipal.

Pero non podemos falar dos últimos 12 meses do labor do Concello sen lembrar tamén os 10 meses anteriores, porque levamos 22 meses de servizo á cidadanía que adquiriron dende o inicio do estado de alarma unha intensidade de xestión política e funcional extraordinaria, obrigada por unha situación tamén sen precedentes. Atendemos o urxente, pero tamén o importante. Fixemos un esforzo inxente como Administración local para mellorar o día a día da cidadanía, intentando non deixar ninguén atrás, pero tamén asentando as bases do futuro dunha Administración moderna e dun municipio no que, se ben a pandemia evidenciou as súas enormes fortalezas, tamén deixou ao descuberto debilidades que temos a obriga de afrontar.

Fixémolo ademais coa forza dun Goberno estable, que permitiu pechar orzamentos municipais cada ano e, polo tanto, dispor das ferramentas de planificación en gasto que necesita unha cidade para medrar coa dilixencia que merece a súa veciñanza, e máis en tempos de crise.

Son esas contas públicas as que bloquearon os grupos da oposición no pasado mandato e que agora a actual oposición insiste en deostar cada ano, as que facilitan atender as pequenas e grandes necesidades da poboación, impulsar actuacións na cidade, optimizar os recursos públicos e executar investimentos a un ritmo áxil.

Dicía antes que non podíamos analizar este último ano sen ter en conta o 2020 porque o 2021 foi en gran parte unha continuación obrigada do impulso das políticas deseñadas para reforzar a cidade ante esta emerxencia pandémica.

E o mellor exemplo témolo no ámbito dos coidados e da preocupación pola poboación máis vulnerable. No ano 2021 mobilizamos para políticas sociais, para reducir desigualdades e garantir os dereitos básicos da cidadanía, 31,2 millóns de euros, o 29,3% do orzamento total, o máis alto da historia da nosa cidade. Con

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

estes fins un importante esforzo inversor que caracterizou sempre os gobernos progresistas da cidade que creceu un ano máis para paliar o dano da pandemia nas estruturas familiares. Deste orzamento destinamos 13,8 millóns de euros só a benestar social, a axudar os máis vulnerables, os nosos maiores, a veciñanza en situación de soidade, a infancia e aquelas persoas que necesitan axuda a domicilio e axudas de emerxencia, sen esquecer nunca o apoio aos colectivos do terceiro sector, tan importantes para a cohesión social lucense.

Quero destacar algunha das medidas postas en marcha, polo seu impacto social. Volvemos duplicar a partida económica asignada a Xantar non Fogar, ata os 300.000 €, cos que elaboramos preto de 22.000 xantares, que complementamos con outras axudas a través da emerxencia social ás que destinamos 300.000 € máis; a mesma cantidade tamén que as axudas ao aluguer, coa finalidade de garantir o acceso á vivenda digna, malia ser unha competencia da Xunta.

Consolidamos programas pioneiros, como o Acompañamos, iniciado en pandemia cun convenio con Cruz Vermella para cubrir as necesidades asistenciais dos colectivos máis débiles, entre eles os nosos maiores, 22.000 na nosa cidade, 5.000 que viven en situación de soidade non desexada, mellorando o seu coidado e calidade de vida pero contribuíndo tamén a que se desenvolvan con autonomía na súa contorna. Ampliamos o programa ademais coa procura activa destas persoas, así como o apoio ás crianzas de familias vulnerables que precisan dun reforzo escolar. Tamén, para intensificar a atención aos maiores con autonomía reducida, impulsamos unha nova adxudicación para o centro de día Antonio Gandoy, ao que destinamos 628.438 euros por exercicio. Tras os días máis duros da pandemia, melloramos e duplicamos ata 28 prazas a capacidade para acoller as persoas sen teito no Fogar do Transeúnte.

Mais este Goberno local tamén inviste en salvar vidas; axiña comezaremos a instalación de 67 desfibriladores nas instalacións municipais e prazas para poder actuar ante posibles infartos, o que nos situará como a cidade máis cardioprotexida das grandes galegas.

A inclusión na mesma área de Xuventude e Deporte supuxo tamén unha mellor coordinación para ambas as dúas concellarías das actividades de lecer e de conciliación ofertadas para a mocidade, outro dos grandes colectivos danados polas restricións sanitarias, con programación durante todo o ano específica e por campañas, cunha altísima participación e a cobertura de todas as prazas dispoñibles; encamiñadas a un ocio alternativo seguro e ao fomento do deporte e ao impulso de hábitos de vida saudables.

Pero tamén implicou reforzar a nosa aposta en firme pola prevención de drogas e o tratamento das adiccións na etapa postcovid, un ámbito no que estamos a traballar a través do cuarto Plan de drogadiccións, xa en vigor, cunha achega superior aos 230.000 €.

A igualdade da muller é outra loita irrenunciable por parte deste Goberno, polo que comezamos o ano co cuarto Plan de igualdade operativo, que recolle 130 achegas dos colectivos sociais e que incorpora aos seus eixos principais, como a loita contra a violencia machista, novos marcos de actuación, como é a saúde, o urbanismo, a mobilidade e a vivenda.

Neste ano, ademais, avanzamos no cumprimento de débedas históricas coa cidadanía, en temas que alcanzan gran unanimidade respecto á súa necesidade e que foron un firme compromiso político deste Goberno. Falamos das vivendas da Croa, derrubamos as edificacións deshabitadas que ocupan estes terreos, paso previo ineludible para rexistrar o parcelamento dos predios antes de cedérllelos por fin aos seus propietarios; 15 familias que están á espera da titularidade das súas vivendas dende hai máis de 26 anos.

Falamos da eliminación da pasarela da esquina de San Roque, que naceu como provisional hai 30 anos, e da súa urbanización, actuación que dignificará unha contorna de alto valor patrimonial resolvendo dunha forma axeitada, respectuosa e permanente as comunicacións de tráfico peonil e rodado en toda esa zona.

E falabamos da zona de baño pública do Miño, que este verán será unha realidade e que estamos seguros de que terá un gran impacto sobre a proxección turística e na dinamización do municipio e directamente na calidade de vida da nosa veciñanza ao posibilitar o aproveitamento do río e contribuír a seguir avanzando na segunda gran transformación da cidade na que os espazos públicos de lecer e socialización ao aire libre adquiren cada vez máis protagonismo debido ao contexto sanitario. Son respostas a compromisos adquiridos e unha mostra tanxible da transformación que está a experimentar a cidade.

Pero o ano 2021 tamén foi o ano dos grandes pasos para saldar a nosa débeda histórica co Miño, para valorizalo e que forme parte do noso día a día co fin de que deixemos de vivir de costas a el. O obxectivo é crear nesta gran contorna fluvial unha zona chea de atractivos para a cidadanía e visitantes, pero tamén estamos a facer no Carme, un dos barrios de maior beleza e riqueza patrimonial e natural de Lugo, que me comprometín a rexenerar cando asumín a Alcaldía a través dos fondos europeos DUSI do proxecto Muramiñae. E este é un pequeno balance: melloramos humanizamos o camiño primitivo e a vía romana XIX; comezamos as obras do paso soterrado da Nacional VI, así como as das Caldas, que serán un revulsivo cultural de recreo e turístico para Lugo; executamos a primeira gran senda verde ciclista da cidade, que axudará a cambiar a mobilidade da capital, 14 km que unen de xeito sostible, seguro e saudable oito barrios entre si e coas áreas deportivas, culturais e de ocio do Miño; licitamos a peonalización e humanización da Calzada da Ponte, unha intervención integral nesta área que recibirá o paso de vehículos por este itinerario, diminuíndo a contaminación medioambiental e acústica, unha zona de alta protección na que conflúen a Ponte Vella, as termas romanas, o Camiño de Santiago e a vía romana.

Pronto sacaremos a licitación a posta en valor da cloaca romana, tras o visto bo de Patrimonio, e abriremos a pasarela sobre a Nacional VI, outra das obras que estivo a sufrir atrasos polos problemas de material aos que Lugo, como o resto do país, non é alleo.

No DUSI máis social, progresiva e a moi bo ritmo a execución edificio multidisciplinar de Benestar Social de Lamas de Prado, un inmovible referente na construción en madeira e en eficiencia enerxética, que dará servizo a 20.000 lucenses dos barrios do Carme, a Cheda, Abella, Castiñeiro, así como de diferentes e diversas parroquias da nosa cidade.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

Finalizamos este ano ademais co proxecto de inserción sociolaboral Muramiñae Rehabilita, co que contratamos e formamos 27 persoas de colectivos en exclusión social, moitos deles xa incorporados ao mundo laboral. Seguimos co proxecto de formación en arte urbana con mozos en situación de vulnerabilidade e antes de que acabe o ano anunciaremos gran programa de emprego de iniciativa social.

É o DUSI precisamente un dos grandes piares sobre os que sustentamos a segunda transformación da cidade, deseñada e iniciada no pasado mandato e que intensificamos neste cos distintos orzamentos, e que xa nos está a situar como unha cidade pioneira e á vangarda en estratexias urbanas verdes que traballa para acadar baixos niveis de contaminación e baixas emisións de gases efecto invernadoiro.

Abundantes espazos naturais para gozo dos seus habitantes e un crecemento urbanístico baseado en edificacións bioclimáticas e sostibles. Lugo está xa no mapa das ideas sostibles. O proxecto LIFE Lugo + Biodinámico e o noso modelo de cidade están a espertar gran expectación en todos os ámbitos. Fomos a única cidade galega e unha das doce de España convidadas a presentar o noso proxecto de cidade no Senado, a única cidade galega en ser convidada no Conama, o Congreso Nacional de Medio Ambiente, e ao Rebuild, o congreso máis importante de construción, así como no lanzamento da New European Bauhaus en Bruxelas, ou no *hub* español da plataforma internacional Urban By Nature, por citar só algunhas das citas de carácter nacional e internacional onde Lugo é xa reclamada.

O Impulso Verde foi finalista na modalidade de proxectos sustentables dos Advanced Architecture Awards 2021; gañador do premio Mellor Proxecto 2021 pola cidadanía nun certame internacional; e acadamos o Galardón de Boas Prácticas Locais pola CEM pola recuperación do Humidal das Gándaras.

Ademais o proxecto de Lugo foi seleccionado polo Programa Internacional de Cooperación Urbana para intercambiar experiencias con Xapón e crear solucións conxuntas de futuro.

O LIFE está tamén na fase final, esta estratexia europea, coa licitación de 1,2 ha de novidosos espazos axardinados, con hortos urbanos comunitarios e didácticos; e coa contorna do Impulso Verde no vindeiro ano retomaremos as quendas de visita para impulsar o coñecemento do noso pioneiro catálogo de solucións sostibles.

Como estamos a ver, as estratexias europeas son clave nesta segunda gran transformación da cidade, e seguirán a selo porque os fondos Next Generation, aos que nos presentamos, buscan darlle continuidade ao modelo de cidade vida, con proxectos como a peonalización integral do casco histórico para que sexa unha zona libre de emisións, ou a mellora do exterior da Muralla co obxectivo de protexer e embelecer o noso emblema e o noso gran patrimonio mundial.

Non obstante, a sostibilidade é a marca que define a acción transversal deste Goberno en todas as áreas municipais. Así demos grandes pasos nas melloras das infraestruturas viarias, coas persoas e os barrios como eixo central da actuación, con actuacións como a peonalización de Quiroga Ballesteros, a Mosqueira, a Rúa do Esquecemento, a licitación dos contratos para as peonalizacións de Rafael de Vega e Pintor Luís Seoane; a humanización da rúa Lamas de Prado e a contorna

da Igrexa do Sagrado Corazón; a instalación da glorieta de San Eufraxio ou as melloras da República Arxentina ou o polígono das Gándaras, entre outras.

Comezamos ademais unha das grandes obras que transformarán unha das arterias de comunicación máis importantes de Lugo: o desdoblamento e humanización da avenida Infanta Elena, cun tráfico diario superior aos 8.400 vehículos e moi utilizada polos viandantes. Cando finalice esta actuación, que inclúe espazos peonís, inclúe tamén carrís bici, permitirá traballar na humanización doutras arterias de Lugo como a da avenida da Coruña.

No campo da sostibilidade, este ano procedemos a executar sete proxectos de intervención de eliminación de fibrocemento en 250 acometidas das redes de abastecemento nas rúas con maior número de avarías da cidade. E estamos a traballar nas obras de eficiencia enerxética de 8 edificios municipais por un importe de máis de 3,3 millóns de euros. Ampliamos e melloramos os espazos verdes coa creación do parque Novo Freire e a zona verde da Fonte das Lavadeiras na Piringalla; a instalación da cuberta do parque infantil de Augas Férreas ou a reurbanización do parque Rosalía de Castro, entre outras accións relacionadas co medio ambiente.

E desenvolvemos un Plan integral de mellora das instalacións deportivas para impulsar a vida saudable na cidade, con obras como o campo de rugby no Pombal ou o pavillón Daniel Cordido; o cambio de céspede dos campos de fútbol das Gándaras ou a cubrición das canchas de tenis de Frigsa; a creación de novos espazos como o skatepark ou a pista de motocrós. Deseñamos ademais o proxecto do novo centro deportivo Lugo Sportlife para o que acadamos o compromiso de financiamento da Deputación e da Xunta de Galicia.

E tamén o rural é obxectivo prioritario en infraestruturas, e actuamos na práctica totalidade das 54 parroquias, entre as que podemos destacar as melloras en seguridade viaria no Vilardón, Conturiz a Cordoso, Corral de Abaixo, en San Pedro de Mera, Poutomillos, Camoira, Próbal, nas estradas de Meira, na LP-2903 a Rego de Mera, en Tirimol, Pías no Burgo, Galegos e Bascuas, así como os investimentos nas novas redes de abastecemento en Orbazai, Adai, Conturiz, Campiña ou no Carqueixo.

A modernización da cidade foi en paralelo tamén á modernización da Administración local, tanto en recursos materiais como humanos, para gañar en eficiencia, eficacia e axilidade cara á cidadanía. E quero destacar o enorme traballo desenvolvido, porque a adaptación ás novas formas de traballo foi realizado en paralelo ao esforzo que se fixo na atención á cidadanía na pandemia.

Xunto a un investimento de máis de 5 millóns de euros en melloras da e-Administración, impulsamos a incorporación de máis persoal. Actualmente estamos a tramitar 73 prazas da oferta pública de emprego, figurando 26 máis na deste ano, e realizamos 22 contratacións vencelladas ás bolsas de emprego. Procedemos a darlles cobertura aos postos de responsabilidade, como xefaturas de servizo, adxuntías de servizo, xefes de sección, xefes de negociado, e reforzamos o cadro de persoal en diferentes departamentos. Quero destacar que no que vai de ano tomaron posesión 87 funcionarios interinos, 46 laborais temporais e 14 comisións de servizos, así como o reforzo realizado para dotar de efectivos e de cadeas de

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

mando os servizos de seguridade e emerxencia, así como a Policía Local creceu en 24 efectivos, o Servizo de Bombeiros fíxoo en 15.

Axilizamos as prestacións dos servizos públicos e activamos un plan co fin de actuar e actualizar todos os contratos moi avanzado, entre o que cómpre destacar a próxima entrada en vigor do novo servizo de limpeza viaria e recollida de lixo, por un importe de 134,1 millóns de euros en 10 anos, que reverterá no estado de aseo e mellora da imaxe da cidade e tamén na calidade de vida da nosa veciñanza.

Quero lembrar que dende o Concello se desenvolveu un traballo importantísimo para realizar un sobreesforzo na limpeza da cidade durante o longo procedemento da tramitación dese novo contrato, proceso moi garantista, e que supuxo que articulásemos unha campaña de limpeza integral por barrios.

Este ano impulsamos o novo servizo de mantemento de zonas verdes, que entrará en vigor o vindeiro ano, no que investiremos 3,6 millóns de euros anuais. O incremento da calidade na conservación dos parques e espazos axardinados terá repercusión directa sobre a estética dos barrios e a habitabilidade da capital.

Quero deixar para esta parte final deste debate a transformación económica da cidade. Porque, se ata o de agora perfilei a xestión do Goberno durante este ano 2021 vinculada ás políticas do coidado e protección das persoas, a modernización da Administración e as estratexias encamiñadas a converter os espazos públicos da cidade na ascensión de confort dos nosos fogares, a proxección económica da cidade é unha das grandes apostas do meu Goberno. Unha cidade que vive dos servizos como Lugo e que se viu especialmente danada polas restricións derivadas da pandemia o que nos levou a marcar unha folla de ruta clara e ambiciosa para impulsar a industrialización da cidade e diversificar os seus sectores produtivos acorde co modelo de urbe sostible na que estamos a traballar.

Foron anos de abandono por parte da Xunta de Galicia, que non estableceu un plan industrial para a nosa cidade e Lugo non pode esperar máis tempo a que as administracións con competencias para iso se poñan a traballar. Vímolos con claridade o 15 de marzo de 2020, cando se proclamou o estado de alarma, e, adiantándonos ás consecuencias do confinamento, puxemos de maneira inmediata sobre a mesa 5 millóns de euros, as primeiras axudas directas que se deron en Galicia, para máis de 3.000 empresas, pemes e autónomos.

Dende entón reforzamos toda a acción vinculada ao impulso do comercio local e ao emprendemento, pero fomos máis alá, e neste 2021 puxemos en marcha todas as ferramentas que están nas nosas mans para que Lugo medre, reteña o talento e atraia investimentos e empresas e, polo tanto, cree postos de traballo.

Desta maneira, este ano, dando continuidade ao Plan Reanima, lanzamos o Plan Reactiva, tamén de axudas directas, cun millón de euros dos que se beneficiaron 783 negocios da cidade. Aceleramos o pago de facturas a provedores: ao 17 de decembro aboamos 54 millóns de euros a empresas e autónomos que nos subministraron obras e servizos, máis de 5.400 facturas cun período medio de pago menor aos 7 días desde que se aproba o gasto, isto supón menos dun terzo do prazo legal.

Lanzamos unha nova edición Inicia Coworking para axudar á creación de 26 novos proxectos empresariais; impulsamos o Urban & Display, unha experiencia piloto cun

investimento de 144.000 euros para o comercio do casco histórico, que se apoian na innovación tecnolóxica, mesturando información cidadá e formación.

Iniciamos o Lugo Job, un potente programa de formación para 1.200 persoas que supuxo un investimento de 152.369 €. Comezamos a impartir os obradoiros Estart I.O.T. 5.0, dotado cun orzamento de 390.492 € e financiado en máis do 90% polo Fondo Social Europeo. A través del, 16 mozos e mozas adquiren coñecementos en novas tecnoloxías, percibindo o salario mínimo interprofesional mentres reciben a formación.

Lanzamos o movemento Localmente Lucense, unha potente estratexia de dinamización dos barrios a través da compra no comercio e a hostalería local, dotado cun millón de euros.

Puxemos en marcha a Mesa da Diversificación Industrial, coa presenza de sectores produtivos da cidade, a Universidade, a Xunta de Galicia, onde se aposta pola sostibilidade, a economía verde circular e polos sectores agroalimentario e forestal, e a innovación como motores de crecemento.

Aceleramos toda a tramitación urbanística vinculada coa posta en marcha de empresas e coa organización das bases do polígono empresarial das Gándaras; e adjudicamos a xestión da estratexia Lugo Transforma, co fondo de emprendemento municipal de 12 millóns de euros, pioneiro en Galicia, para captar investimentos e atraer empresas de alto impacto social, innovador e medioambiental. O fondo atraerá sobre aproximadamente 50 empresas; extrapolando os resultados de experiencias similares, agardamos que produza unha creación de máis de 1.000 postos de traballo, directos e indirectos, e até o triplo de empregos indirectos, xerando un investimento inducido que superará os 60 millóns de euros por parte das empresas neste tempo. A Estratexia Lugo Transforma terá unha duración de 10 anos, pero a atracción de capital é de 5 anos e só no ano 2022 deberá captar un mínimo dun millón de euros.

Estamos a falar, pois, de que estamos sentando as bases do que queremos que sexa Lugo na vindeira década, o Lugo dos próximos 10 anos, un municipio que destaque polo seu urbanismo sostible e a alta calidade de vida da súa cidadanía; un municipio urbano rural que sexa o corazón da Galicia sostible e un dos grandes motores dinamizadores da nosa provincia.

Pero este camiño non o queremos percorrer sós, por iso convidamos a Xunta de Galicia a que nos acompañe e a que acompañe a cidade nos enormes retos que ten por diante e que impulsen xunto a nós a marca propia verde que diferencia Lugo do resto de urbes galegas, a que lle dea personalidade propia e que xa está a ter presenza recoñecida en ámbitos nacionais e internacionais co fin de gañar en competitividade. Por iso é necesario que o vindeiro ano o Goberno galego cumpra polo menos os seus compromisos con Lugo, que active a rolda Leste, que aporte o financiametodo Museo da Romanización no Cuartel de San Fernando para situar Lugo no lugar que lle corresponde como eixo central da cultura romana en Galicia; que impulse da man do Concello a diversificación industrial; que axilice a intermodal; e que empece a investir no saneamento do rural os máis de 7 millóns de euros que ten recadado en Lugo nos últimos anos co canon da auga, que é

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

unha taxa finalista, que está obrigada a reverter no mesmo fin e coa que aínda non financiou a primeira obra na nosa cidade.

Tamén a instamos a que repercuta a factura Covid, xa que todas as accións de emerxencia as asumimos unicamente con recursos propios os concellos, tanto as competencias propias como tamén as impropias, as que son da Xunta: servizos sociais, escolas infantís, comedores escolares, que fixemos nosas e atendemos, porque todos os problemas da nosa veciñanza nos incumben como Administración.

Ao mesmo tempo, é necesario que o Goberno galego conte con Lugo tamén para os fondos Next Generation, que lle corresponderá xestionar, porque a cidade non pode perder o tren dos millónarios investimentos europeos que chegan para impulsar as cidades. Neste camiño tamén traballaremos man con man co Goberno central ao que lle seguiremos a reivindicar o impulso das infraestruturas viarias e ferroviarias para que Lugo non perda oportunidades. A chegada á cidade do tren de alta velocidade, as conexións coa Coruña e Ferrol, e a inclusión de Lugo no corredor atlántico ferroviario de mercadorías son obxectivos irrenunciáveis para este Goberno.

Seguiremos a dar a batalla pola forza do municipalismo para transformar os territorios e por iso pedimos a modificación das leis que impiden que os concellos poidamos desenvolver as nosas axendas propias con recursos suficientes e con plena autonomía.

O devir desta pandemia puxo sobre a mesa a urxencia de abordar e reformar a xa obsoleta Lei de bases de réxime local, redefinindo e clarificando competencias porque as solucións efectivas radican na proximidade da cidadanía e os seus problemas. Son estas relacións de proximidade as que teñen unha potencia transformadora única porque aproveitamos a posibilidade de atoparnos cara a cara cos afectados e coas súas necesidades, para colectivizar as respostas e decidir xuntos as cuestións que nos afectan como cidade. Enfrontamos os problemas mentres sufrimos falta de autonomía e apoio financeiro. A pesar diso, respondemos con eficacia, rapidez e proximidade institucional e humana ás exixencias da cidadanía.

E quero finalizar realizando un chamamento á lealdade da Corporación na cidade de Lugo, rebaixar os niveis de enfrontamento e subir os niveis propositivos, así como a unirnos sempre en defensa dos intereses da nosa cidade á marxe dos intereses partidistas. Porque non esquezamos nunca que un Lugo forte é aquel que suma as forzas de todos e de todas.

Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora alcaldesa; comezamos coa primeira quenda de intervencións dos portavoces dos grupos municipais. Para esta primeira quenda teñen un tempo de 15 minutos. Ten a palabra en primeiro lugar a portavoz do Grupo Municipal de Ciudadanos, a señora Louzao.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moi bos días a todos e a todas.

Pois, logo de ter escoitado a intervención da señora alcaldesa no Debate do estado da cidade e tamén na súa conclusión do Debate de orzamentos do pasado luns, parece que a oposición sobramos nesta Corporación, que non entendemos nada e moito menos as súas decisións, que só vostede sabe o que merece e quere esta cidade, e por suposto só vostede, xunto co seu vicecalde, teñen os remedios e as solucións para que 2022 sexa o ano da recuperación, da sustentabilidade e dese largo etcétera que repiten como unha letanía.

Teñen o guión ben aprendido pero, claro, a realidade é a que é, e estes meses pasados puidemos comprobar que a este Goberno de maioría, que aproveitan para poñer enriba a soberbia por bandeira, lévaos a cometer erros e a tomar decisións máis que erradas, e que non sempre son vostedes o que aparentan, a pesar de pretender amosar que son uns socios de Goberno ben avenidos. Porque nestes meses quedou claro que Lugo por desgraza non ten un Goberno, senón dous, con dúas follas de ruta distintas, con visións de cidade distintas e en continua competición. Ata vostedes mesmos se contraprograman; sen ir máis lonxe, podemos ver como agora a alcaldesa se adica a enviar cartas aos nosos nenos en plan paxe real cando o Nadal é competencia dos seus socios; ou mesmo cando dá o golpe de efecto reuníndose cos barraquistas para poñer orde na desorde da señora Ferreiro na organización do San Froilán, logo de ter amosado unha actitude absolutamente irrespectuosa co resto dos membros da Comisión de Festas, pero aí non interveu, gustaríanos tamén ver a señora Ferreiro, que faría se vostede fora oposición exixindo responsabilidades, pero agora ben que calou, e non é capaz nin de recoñecer que se equivocou e de pedir perdón. Ou tamén cando a señora alcaldesa anula os decretos do vicecalde que ousa inmiscuirse nos proxectos dos fondos europeos.

O que conseguiron con todas estas accións é que xa non enganen a ninguén, que sexa un rumor a voces que isto, o seu, é unha guerra fría, un matrimonio de conveniencia que xa non se soportan e, se o fan, pois simplemente o fan porque fóra da política non se vive tan ben e hai que aguantar pase o que pase.

E nós entendémola, señora alcaldesa, escolleu como socio de Goberno un partido do que non se pode un fiar, aínda que nunca está de máis tomar da súa propia medicina para darse conta. Porque é ben triste ver a nosa cidade nas mans duns políticos que non teñen palabra e moito menos credibilidade. O señor Arroxo moi rápido esqueceu o que reivindicaba sendo oposición; agora levanta a man que dá gusto na Xunta de Goberno local para votar que o Garañón sexa zona verde sen exixir o estudo económico, ou mesmo rexeita iniciar o procedemento para que se poida remunicipalizar a grúa, esgrimindo escusas que nin el mesmo cre; ou permite que o seu grupo sexa campión en contratos menores, co que iso implica, obviando as continuas advertencias do Servizo de Intervención. Ou prefire, por exemplo, que a parcela do Auditorio sirva para levantar vivendas en lugar de ser unha zona verde, tal e como pedimos desde Ciudadanos. Por non lembrar a que montou co bus urbano, que ata tivo vostede que actuar, señora Méndez, para que escoitase as múltiples queixas tras a remodelación das liñas. Porque segundo lle dicían os veciños que intentaban falar con el pois o señor Arroxo non está para estas cousas, parece que xa está a outro nivel.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

E por certo, señor Arroxó, non me quería esquecer de recordarlle que seguimos esperando por esa gratuidade dos transbordos, eses que nos prometeu que a finais de ano estarían e de momento aínda seguimos igual.

Este é o noso vicealcalde, membro dun partido que nos repite acotío que avogan pola verdade, pola participación, polo diálogo e pola democracia. Élles de risa, porque a realidade cada día amósanos todo o contrario. Menos mal que aínda lle van quedar algunhas rúas por asfaltar para amosar que algo fan ademais de complicarlles a vida aos nosos veciños. Realmente cren vostedes que Lugo mellorou nestes meses? Pode ser, porque ás veces parece que vive no seu mundo de fantasía, porque é inexplicable falar dunha cidade sostible cando leva máis de catro anos cun contrato de lixo caducado e con poucas esperanzas de que saia adiante en breve.

Obviou durante meses as múltiples queixas dos veciños pola sucidade nas rúas, con centos de contedores en mal estado e con cheirumes insoportables, con rúas nas que os roedores campaban ás súas anchas nas redes sociais, pero aquí no pasaba nada, a oposición mentía, eramos uns alarmistas. Estaría ben saber por que cambiou de opinión e decidiron mercar 200 contedores a pesar de que, como nos dixo o concelleiro de Medio Ambiente, pois isto non era prioritario. Será que ao mellor nesas enquisas que pagou vostede con cartos públicos, que por certo lle pedimos hai unhas semanas que nos facilitase pero aínda nada, a limpeza foi un dos temas principais e unha das queixas prioritarias dos nosos veciños. Porque a verdade é que non hai nada mellor para este bigoberno para que reaccione que poñelos colorados ante a súa ineficacia.

Tamén estaría ben saber como explica cando vai contando os seus plans de cidade verde que está a incrementar as emisións polas retencións de tráfico que provocan coas obras ou como nos obriga a ir dando voltas pola cidade para atopar un oco libre para deixar o noso coche dada a falta de aparcadoiros tras a súa fantástica idea de crear un carril bici sen a oportuna planificación e en contra dos veciños, e arrasando coas árbores das rúas; pero logo crea, planta outro bosque e dinos que os vai transplantar, esperemos que hoxe nos diga onde os transplantou.

Porque é incomprendible a súa inacción e a súa pasividade ante os múltiples ataques tamén ao noso patrimonio durante este ano, e todo por negarse a recoñecer que é necesario poñer cámaras e incrementar a vixilancia policial en determinados espazos, e todo isto só por contentar os seus socios.

Pero tamén un gran exemplo dese Lugo sostible é a situación do noso rural, con parroquias que seguen esperando que o abastecemento e o saneamento deixe de ser unha quimera; son ducias de rogos os que se presentaron durante este ano para desbroce, para o asfaltado das fochancas que enchen os nosos camiños ou mesmo para que estean iluminados. Máis alá dun edificio de madeira pois tamén hai vida, señora Méndez.

Este é o resultado dun bigoberno de ordeno e mando, que ao mesmo tempo que fan desfán, unha moi boa forma de gastar vostedes millóns de euros. Durante este ano 2021, un ano no que a grave crise económica amosou a súa verdadeira faciana, este bigoberno, coa señora Méndez á cabeza, deunos múltiples exemplos tamén de vivir noutro planeta. Por suposto, non tivo en conta as propostas do noso

grupo para revisar a fiscalidade que afecta os nosos veciños; vostede preferiu seguir instalada nesa política de propaganda, presentando proxectos froito da improvisación e das présas, por ter que gastar e non dunha análise serena sobre as necesidades da cidade. Regálalles os cartos a empresas que por riba non cumpren coas súas obrigas, tal e como lle deixamos claro desde o noso grupo co Plan Vive por exemplo. Este é o apoio aos autónomos a cidade que tratan de arreglar cunha carta de desculpa.

Botamos de menos ese golpe de mando seu para amosar ese compromiso cos autónomos por exemplo cando permitiu que a carpa máis fea da historia ocupara durante máis de medio ano a Praza da Soidade, afectando a autónomos que estiveron a piques de pechar os seus negocios pola perda de ingresos, eses que non vendían porque non querían, segundo nos explicou a concelleira de non sabemos de que participación.

Vostede prefire hipotecar as arcas municipais para o futuro porque todos os seus caprichos seguen a engrosar de forma descontrolada os gastos desta Administración. Voulle recordar de novo que tiveron que recorrer a un préstamo de 5,6 millóns de euros para poder cadrar as contas porque os gastos se lle están a ir das mans. O ano pasado case 10 millóns de euros de desfase, pero vostede segue sen querer escoitar, porque non é capaz de contarlle aos lucenses o que nos custará manter as bañeiras de auga quente ou esa pasarela inútil que antes de inaugurarse xa houbo que humanizar? E agora o Garañón, si, é verdade, pero deixa en herdanza outro monstro de ferro para que o lembremos de para sempre. O por que non nos conta por que gasta máis no seu gabinete persoal que en emerxencia social, por exemplo?, ou como se explican os máis de 1.000 € diarios en medios de comunicación que vostede paga? Estas son as súas prioridades, as súas cuestións de prioridades e nós temos moi claro por que, porque quere tapar as vergoñas deste Goberno e para iso é necesario moita propaganda. Porque no realmente necesario non se para: temos barrios abandonados, non estaría de máis que de cando en vez cando abandonara ese trono de alcaldesa e se adicase a dar unha voltiña pola cidade para palpar a verdadeira realidade, así poderá comprobar o estado de Recatelo, do barrio Feijóo, da Residencia, da Milagrosa, nos que cada día pecha un negocio ou se abandona unha vivenda, se non se ocupa, porque se atopa nun estado de absoluta decadencia e abandono. E canto adedica este Goberno á recuperación dos nosos barrios? Pois cero euros. Pero logo presume de construír un barrio multicolórico na Garaballa. Esta é a sustentabilidade, a verdadeira sustentabilidade de Lara Méndez. Vaia contarlles aos veciños destes barrios canto adoce a cidade.

O que si avanza si que son os seus anuncios nas redes sociais con tanta infografía, que non é de estrañar que teña que facer ducias de contratos de páxinas web para poder seguir tanto postureo. Pero todo, todo á custa dos lucenses. E logo atreveuse a dicir que está ao carón dos veciños, o que está a conseguir é que a xente se marche, exactamente 1.749 persoas decidiron neste 2021 mudar a súa residencia. Normal tendo en conta que por exemplo lle sobe os vaos un 300% ou tarda meses en que se lles conceda unha licenza ou precisan dun máster ou de moito tempo libre para poder presentar calquera documento de xeito telemático ou

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

simplemente para que lles resolvan unha dúbida; por non falar da falta de oportunidades laborais ao ser incapaces de dinamizar a nosa economía coas súas políticas erradas. E todo isto acompañado duns servizos públicos colapsados, a pesar de ter anunciado, como non?, que coa bolsa de emprego este tema estaría resolto e aí están as persoas que se presentaron esperando xa fai máis dun ano. Nin sequera son capaces de poñer en marcha as boas decisións, un auténtico desastre.

O máis preocupante é que a súa xestión errática destes últimos anos fainos dubidar da finalidade que terán os cartos que chegarán de Europa. Vostede quere centralos na penalización, unha moi boa idea, pero as ideas hai que convertelas en realidade e aí está o problema. Miren o que pasou con Quiroga Ballesteros, que ía contar cunha cuberta megaguay que aí quedou. Ou o Vello Cárcere, que ten unha cafetería revestida de mármore pechada desde hai anos. Ou como pasamos dunhas caldas termais a unhas bañeiras de auga quente. Ou como 800.000 € que adican aos hortos urbanos cando aínda non ten entregados os de Fontiñas. Ou levanta un edificio verde que nin sequera sabe a día de hoxe para que vai servir. De que valen os recoñecementos se ao final vai ser unha hipoteca máis. Mire o que acabou pasando co MIHL. Fe o que se di fe, señora Méndez, de súa xestión pois élle pouca.

A nós non nos preocupa nin nos desacouga que este bigoberno vote en contra da maioría das nosas propostas ou que nos acusen de mentir de xeito habitual. É increíble que despois destes anos aínda dubiden que cando acusamos de algo sempre, e repito, sempre temos probas. E porque sabemos que as nosas propostas acabarán por saír adiante. Ese Plan Transforma tan maravilloso que hai uns anos era un despropósito porque esta Administración non é un banco, ou como cando pedimos a renovación dos membros do TEAR, que segundo vostedes era froito da desconfianza dos traballadores municipais; cando presentamos a unidireccionalidade da avenida da Coruña; ou cando presentamos o Plan de desenvolvemento industrial e empresarial, que tardou anos en ver a luz. Tempo perdido novamente, señora Méndez. Por non falar das veces que reiteramos ante a súa antecesora, señora Alvarellos, a absoluta ineficacia da xestión económica. Pouco tardou vostede en darnos a razón e mire que puxemos moitas esperanzas neses tempos novos que nos prometera, pero parece que lle está custando un pouco coller o ritmo. Recoñecemos, e así o dixemos, que algo mellor estamos, pero, claro, é que a peor xa é imposible.

Nós seguiremos animando a señora Alvarellos a que empregue eses dotes de gobernanta para exixir prudencia no gasto, transparencia nos contratos, que por certo seguen sen actualizarse, e tamén nos procesos de selección; e capacidade de diálogo para que esta Administración conte cunha fiscalidade acorde á situación económica actual. A ver se por fin neste ano 2022 podemos contar cun rueiro fiscal actualizado, que non será sen tempo.

Señora Méndez, debería escoitar máis, e sobre todo daqueles que só temos unha inqueda: que a nosa cidade avance, pero de verdade; que sexa unha cidade de oportunidades, pero para todos, non só para os que teñen o carné socialista ou o carné nacionalista. Unha cidade sostible, si, pero tamén economicamente, que non

dependa de Europa para levar a cabo proxectos necesarios. Unha cidade cunha actividade económica dinámica, atractiva para os que queiran vivir aquí, que non teñan que esperar meses ou incluso anos para contar cunha licenza. Unha cidade que escoite, que facilite a participación. E sobre todo transparente, que non sexa necesario acudir á Valedora do Pobo para que cumpran co seu deber.

Este é o Lugo Vivo que presentamos en 2019 e que seguiremos defendendo. Xa sabemos que lle gustou logo e prestámosllo, non se preocupe, pero por desgraza para todos os lucenses temos visións distintas.

Señora Méndez, escoite máis, deixe esa postura súa de que non hai mellor defensa que un bo ataque e abandone esa soberbia que lle xoga tan malas pasadas, e de seguro que o beneficio será maior para todos. Será un paso, un paso de verdade para que se cumpra ese desexo seu para este 2022 que nos mandou a todos por mail: “que a felicidade, a saúde e a ilusión nos deixe traballar xuntos e xuntas na transformación do noso Lugo”. Está nas súas mans.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Louzao, e desculpe pola interrupción anterior. Ten a palabra en segundo lugar o portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas. Moi bo día a todas e todos.

Hai un ano o debate do estado do Concello centrouse na situación da crise sanitaria, en todos os cambios que houbo que dar e en todas as decisións difíciles que houbo que tomar. Este ano debería, ao meu entender, centrarse en que fomos quen de retomar a vida e, por tanto, malia as restricións que tivemos que asumir, puidemos volver a unha relativa normalidade e así retomar tamén os proxectos que tiñamos iniciados por este Goberno, e polo tanto as grandes mudanzas de Lugo que están a pegar ademais nun breve espazo de tempo.

Foi un ano de moitos cambios e de moitos proxectos importantes para o noso Concello. Vou falar dalgúns deles e tamén dos que están por vir.

O bus urbano foi un proxecto de transformación da totalidade do modelo anterior, unha renovación total das liñas, algo que viña sendo moi demandado, dado que as actuais tiñan 20 anos e a nosa cidade, por suposto, mudou moito dende aquelas. Sabiamos dende o minuto un que ía ser moi difícil, existía un tope de quilómetros que ía facer inviable cubrir todas as demandas existentes. Mais persoalmente creo que se fixo un traballo, tanto técnico como político, do máis positivo.

Durante o proceso recibimos unhas 800 suxerencias, moitas delas reiteradas, como poden ser as das conexións do HULA cos diferentes barrios, co Ceao, os horarios que existían no Campus, etcétera, acadando a inmensa maioría destas demandas. Algúns dos logros que creo que hai que resaltar foron a conexión co punto que ten agora mesmo máis movemento no transporte público, que é o HULA, pasando de ter unha conexión de 40.000 habitantes conectados a ter agora mesmo 80.000, logrando así que barrios como As Fontiñas, Fingoi, Aceña de Olga, Magoi, o Carne, a avenida das Américas ou o barrio da Residencia teñan agora conexión directa co hospital. E algo semellante pasou co Ceao, que pasou de ter unha conexión de 40.000 habitantes a ter agora de 70.000, chegando así a toda a zona

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

sur ou ao barrio das Fontiñas, que non tiña conexión directa cos polígonos. Ou tamén a coordinación dos horarios co Campus para evitar que nalgúns casos houbera que agardar ata unha hora para poder coller a seguinte viaxe, como pasaba sobre todo para os estudantes que viven por toda a zona das Fontiñas.

A Mesa de Transportes foi un deses espazos nos que máis me gustou traballar, e así o dixen en varias ocasións. Sentín que había interese de sacar algo positivo por parte de todos os grupos e considerei que todas as aportacións estaban a ser positivas. Pero despois veu o desengano, porque foi curioso, pero moi curioso: un proxecto do que entendiamos que había un consenso da propia mesa no mes de febreiro e, tendo o gran cambio marcado para o 1 de xuño, case 4 meses despois, parece increíble que dous días antes apareza a oposición pedindo cambios de forma inmediata, sabendo ademais que estes cambios levan a unha práctica de meses podelos levar adiante, tendo en conta as medicións que son necesarias e os trámites administrativos que requiren. Fíxose unha imaxe catastrofista do que non era, porque con todas as súas imperfeccións houbo importantes melloras. Moitas terán que continuar sendo melloradas, pero en todo caso eses ataques políticos demagogos creo que só supuxeron unha confusión entre as persoas usuarias.

Ese mesmo 1 de xuño iniciouse un proxecto importantísimo para Lugo, a peonalización do espazo máis simbólico da nosa cidade: o tramo da Muralla onde se atopan os arcos da Mosqueira, eses arcos que toda persoa debuxa cando lle piden que represente Lugo e que van crear un espazo importantísimo tanto para a veciñanza da nosa cidade como para as persoas que nos visitan. É o punto de entrada do antigo Lugo, a través do Camiño Primitivo, da Vía Rexia, do Camiño Real ou da Vía XIX; o lugar no que durante décadas tiñan lugar as festas do San Froilán; o punto onde se atopa o reduto de María Cristina e onde está a única mostra que nos deixaron os nosos ancestros de como eran as torres da Muralla antes de que se derribaran.

O 1 de xuño ese espazo deixou de ser para sempre dos coches. Neste 2022 será xa para sempre para as persoas. Digo, e creo que non me trabuco, que a peonalización da Mosqueira vai marcar un antes e un despois na visión que se ten da Muralla. Estou convencido de que, unha vez rematada, fará que se vexa un futuro do desenvolvemento máis simbólico...

Desculpade un segundo, que a voz falla un pouco. Teño algo de afonía.

Outro proxecto que puido pasar máis desapercibido pero que foi un salto de xigante no noso patrimonio foi que se creou un espazo importantísimo entre a Porta de Santiago e a rúa Vilalba, un lugar único, dos poucos do mundo onde conflúen tres patrimonios da humanidade. Un espazo que pasou de ser un lugar polo que os coches pasaban rozando os retrovisores na Muralla a ter por fin un paso peonil. Un espazo que permite fotografar a imaxe dos tres patrimonios cun acabado estético totalmente renovado. Foi unha obra de 4 meses e 15 días, tres deles no verán, e mentres se transformaba un espazo desta importancia, como dicía, dos poucos do mundo con tres patrimonios da humanidade, dicíase dende a oposición que era un desastre porque nalgúns momentos do día había retencións e porque seica eu ía por alí poñer conos. Ese é o nivel de quen supostamente aspira a gobernar Lugo? Deus nos libre!

Avanzamos e moito no calmado do tráfico nos entornos escolares, algo que toda comunidade educativa nos pediu e nos segue a pedir, e haberá que continuar para que calquera persoa, pero especialmente as crianzas, cando saian da súa casa poidan ir coa maior seguridade posible, nunha cidade na que lamentablemente se ten sufrido moito polos atropelos. E non só se fixeron elementos de calmado do tráfico, senón que se levaron adiante tamén solucións de acceso peonil, como pode ser a do colexio de Albeiros, a través dunha senda que garanta a súa seguridade. Coa renovación tamén da perigosa beirarrúa que existía na rúa da avenida República Arxentina.

Unha vez feitas estas infraestruturas, chega o momento de poñer a andar os proxectos para que as nenas e nenos vaian a pé aos seus colexios, algo que non só ten un punto educativo medioambiental moi importante, senón que mellorará a nosa cidade, sobre todo en canto a fumes e en canto a ruídos.

Neste tempo tamén se suprimiron tres puntos negros que tiñamos para o tráfico en Lugo, con reiterados accidentes ou colisións de vehículos. Tales como era o das Fontiñas con San Eufraxio, coa execución da rotonda; tales como o da rúa Conde con Río Sil; ou a de rúa Galicia con Celso Emilio Ferreiro. Os tres, puntos moi perigosos.

Seguimos avanzando na transformación do espazo público e de aí que en poucas semanas vaian comezar novas peonalizacións, como pode ser a de Recatelo ou como pode ser a de Rafael de Vega. Tamén a semipeonalización da rúa Luís Seoane na Milagrosa, ou da rúa de Fingoi de Abaixo. Tamén a renovación da rúa de Lamas de Prado, unha rúa que ademais vertebra un dos barrios máis poboados de Lugo.

Igual que tamén comezará en poucas semanas a execución de algo moi demandado, como é a pasarela para unir a rúa Primavera co Centro de Saúde de San Roque.

Pero todas as intervencións que se fan das partes monumentais da cidade teñen que ir ligadas a que tamén se traballe nos barrios nos que a xente vive. Estes últimos anos renovouse a práctica totalidade dos viais deteriorados en barrios periurbanos, como poden ser Castelo, Galegos, as Gándaras ou Albeiros, para que calquera persoa, independentemente da zona onde viva, teña as infraestruturas minimamente coidadas, para que así cada vez que sae da súa casa poida desfrutar do seu espazo público.

E concordamos en que queda moito por facer e asumímolos, porque sempre queda moito por facer, pero o camiño faise andando e niso estamos.

Continuamos no camiño tamén da renovación do alumeadado público desta cidade, unha intervención que permite mellorar a iluminación dos barrios, suprimindo así zonas de sombra e mellorando así a seguridade, pero tamén reducir moito o consumo, co seu evidente beneficio medioambiental e tamén co seu evidente beneficio económico que en poucos anos permitirá un importante aforro para as arcas públicas do noso Concello.

Seguimos e seguiremos apostando pola cultura local, Lugo é un lugar cheo de artistas e temos a obriga, como institución, de apoialos. E debemos eliminar esa mensaxe que ás veces se manda de que mellor máis calidade que cantidade,

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

porque aquí temos xente de moita calidade e imos seguirlle dando a oportunidade de poder traballar na súa casa.

Fíxose tamén da man dos praceiros un traballo inmenso na dinamización da praza de abastos e do mercado municipal. E hoxe podemos ver como están cheos de vida, e podemos ver como días que antes tiñan moi pouca asistencia, como poden ser as mañás dos sábados, agora son un dos días fortes. Ademais ao que acoden xeracións moito máis novas que antes non acudían, un cambio importantísimo e necesario para que tanto a Praza de Abastos como o Mercado Municipal teñan futuro.

Este é un Goberno que está a funcionar, que está a conseguir que Lugo camiñe cara a diante. Este 2021 foi un ano que aínda foi moi difícil, por todo o que tivemos que vivir; e neste 2022 seguramente non vaia ser nada fácil, pero toca continuar e darlle unha marcha máis para acadar que Lugo sexa unha cidade máis marabillosa do que é, máis marabillosa aínda do que é, na que poder vivir e a que poder visitar. Así que moitas grazas por todo e seguiremos a traballar por Lugo.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra agora o portavoz do Grupo Municipal Socialista, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Moitas grazas. Bo día de novo a todas e a todos.

Os orzamentos que vimos de executar neste 2021, xunto coa Estratexia Lugo Transforma, ese fondo de emprendemento de 12 millóns de euros creado para atraer investimentos e emprego, e que reforzan a transformación de Lugo continuando o noso modelo de cidade de vangarda e sostible, permítennos ir superando unha situación complicada e seguir avanzando.

Por primeira vez dende que o Concello acadara a débeda cero no 2017, as contas municipais recorreron a endebedarse, concretamente en 7 millóns de euros, con dous obxectivos principais: reforzar as políticas sociais, ese eixo central dos gobernos socialistas neste Concello dende hai máis de 20 anos; e aumentar esforzo inversor para dar maiores cotas de benestar e de calidade de vida aos veciños e veciñas.

As políticas levadas a cabo, xunto aos investimentos desenvolvidos e mantendo as políticas impositivas permitiron mobilizar recursos por un valor superior aos 49 millóns de euros, é dicir, un esforzo inversor sen precedentes na historia Lugo, destinado a impulsar esa segunda gran transformación da cidade, a súa dinamización, a innovación, o emprendemento, de vital importancia para garantir un crecemento económico sólido e de futuro.

E con estas premisas traballamos día a día para que Lugo supere canto antes esta crise, que saiamos fortalecidos e cun municipio máis aberto, máis dinámico, máis sostible e competitivo, liderando o crecemento económico e a protección social.

Un exercicio máis as políticas sociais constituíron o eixo fundamental da nosa acción de Goberno e a elas destináronse durante este ano 31,2 millóns de euros, o 29,3 do orzamento, o máis alto da historia da cidade para estes fins, co firme obxectivo de afianzar o noso compromiso por conseguir mellores niveis de calidade

de vida, integrar os sectores máis desfavorecidos, fomentar a oferta educativa, deportiva e cultural, e impulsar a dimensión patrimonial e turística, que o fixemos sempre contando coa implicación e o compromiso dos axentes sociais e da veciñanza.

Máis de 13,8 millóns de euros de orzamento foron destinados á área de Benestar, con políticas vinculadas á familia e á infancia, á emerxencia social, atención a persoas maiores e dependentes, Axuda no Fogar, exclusión social, Fogar do Transeúnte, reinserción de persoas con discapacidades e/ou adicións, etcétera.

Traballamos así mesmo na aposta a prol da igualdade de xénero de maneira transversal desde diferentes áreas, pero tamén a través do mantemento dun servizo exclusivamente dedicado a este fin coa súa propia dotación orzamentaria cun importe superior a un millón de euros.

E dende a área de Desenvolvemento Local puxemos en marcha accións de dinamización económica dos distintos sectores produtivos, fin ao que se destinaron 5,3 millóns de euros, o que representa un 5% do total do orzamento.

É coñecida, por outra banda, a nosa aposta pola mellora continua dos servizos que prestamos á cidadanía, e así durante este ano fixemos grandes avances na actualización dos contratos para adaptalos á nova realidade da cidade, para dar resposta ás crecentes demandas da veciñanza. Grazas a este esforzo, tramitáronse ou actualizáronse máis de 110 contratos; e en breve entrarán en vigor algúns de gran relevancia para o Concello, como o de recollida de lixo e limpeza, por máis que pareza preocuparlle á señora Louzao, e por máis que realmente lle demos información nas diferentes comisións, por valor de 13,8 millóns de euros anuais, o que suporá un incremento de 6 millóns de euros respecto ao anterior. Ou a mellora das zonas verdes, que crecerá aproximadamente en 2,8 millóns, chegando aos 3,6 licitando o anterior. Ferramentas todas que van supoñer, como dicía a alcaldesa, un antes e un despois na limpeza, no aseo urbano, no ornato e, en definitiva, na imaxe da cidade.

Impulsamos así mesmo a dotación axeitada para dar cobertura á relación de postos de traballo, dando cabida a novas incorporacións a través de diferentes ofertas de emprego público, reforzando os distintos servizos coa creación de postos clave para incrementar a calidade das prestacións. Creamos unha bolsa de traballo para 42 categorías profesionais a fin de dispoñer de listas actualizadas, integradas por persoal cualificado, o que nos permitirá levar a cabo as substitucións necesarias para garantir en todo momento a calidade dos servizos. Un proceso ao que se presentaron máis de 9.000 solicitudes.

De maneira que desde este Goberno actualizamos e modernizamos a Administración para que sexa máis eficiente e máis próxima á cidadanía, obxectivo que se verá ademais reforzado coas melloras que se están impulsando a través da implantación da Administración electrónica. Neste eido, nunha das primeiras decisións deste mandato, a propia alcaldesa adoptou a resolución de reestruturar o organigrama directivo do Concello co fin de mellorar a organización interna e, por tanto, a xestión. Un imperativo que se concretou nun plan de acción que serviu para detectar aquelas áreas de funcionamento susceptibles de mellora coa intención non

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

só de modernizar a institución, senón de poñer a súa eficiencia ao servizo da cidadanía.

Desgraciadamente a crise sanitaria que nos afecta está a propiciar unha gran incerteza económica, mermando recursos de moitos sectores e deixándoos desprotexidos. Cobra por tanto especial importancia o papel asistencial das administracións e o labor de apoio que debemos desenvolver a través de investimentos e achegas públicas. E por iso precisamos que a engranaxe das administracións funcione con celeridade e de aí que se tomasen medidas, como ese plan de acción impulsado pola alcaldesa, que fai fincapé en aspectos como a contabilidade local e incorpora medidas correctoras que xa están a dar froitos, entre outras áreas na facturación e contratación municipal, o que nos permitiu que entre xullo e setembro abonásemos un total de 1.100 facturas, principalmente a pequenos e medianos provedores, por valor de 12.600.000 euros; ou que nos últimos 3 meses rebaixásemos a 46,55 días o período medio de pago fronte aos 60 que determina a lei, continuando a ser un dos concellos punteiros neste ámbito.

Acadar a igualdade e a progresividade fiscal é outra das metas que persegue o plan e para o que se contempla a contratación dunha colaboración que axude nas tarefas de inspección aumentando o rendemento dos servizos. Son en conxunto unha batería de actuacións que posibilitan a modernización tecnolóxica e a revisión e adecuación constante á lexislación aplicable sen perder de vista a necesidade de adaptarnos á realidade social para sermos realmente útiles á cidadanía, que é nosa principal motivación.

En relación á dinamización da economía, todos sabemos e todos somos conscientes de que o sector da hostalería é un dos que máis está a sufrir as consecuencias da actual crise; e neste senso o Concello foi pioneiro na adopción de medidas para axudar a un sector tan estratéxico, que representa o 12% do PIB e o 19% do emprego do municipio; de aí que, por exemplo, en resposta ás peticións do sector mantexamos a exención de pago das taxas das terrazas durante todo o ano 2021.

E nesta mesma liña de apoio e colaboración, dende o Goberno fomos quen de concluír nunha soa semana o pago das axudas directas tramitadas a través do Plan Reactiva, a segunda convocatoria deste tipo de achegas que puxemos en marcha precisamente para apoiar o tecido produtivo local, logo dos 5 millóns de euros habilitados no Plan Reanima, que neste caso ían dirixidos aos sectores máis afectados polas restricións.

Co seu pago dotamos de liquidez inmediata un total de 540 autónomos e 243 empresas que durante os últimos meses se viron obrigados ao peche temporal, total ou parcial, dos seus negocios. En total a Tesourería municipal aboou por este concepto a suma de 1.015.000 €.

Por outra banda, a xestión do fondo público emprendedor que contempla a Estratexia Lugo Transforma, que se articula a través da entrada temporal do Concello no capital de proxectos empresariais innovadores baixo a modalidade de fondo de capital risco, iniciativa pioneira en Galicia no ámbito municipal, á que o Goberno destinou o maior investimento da historia do Concello, 12 millóns de euros, co obxectivo de captar novos investimentos para a cidade e atraer empresas

que contribúan a crear emprego de calidade. Apostamos por estes fondos, que ademais son moi apoiados no ámbito da Unión Europea, porque por unha banda lles permiten ás empresas o acceso ao financiamento de iniciativas que tiñan dificultades para acudir a recursos doutras fontes tradicionais e, por outra, pola rendibilidade que xeran e pola súa contribución ao crecemento económico, propiciando un importante impacto social e ambiental no municipio nos vindeiros anos. Estímase que atraerá un mínimo de 50 empresas coa creación de moitos postos de traballo, tanto directos como indirectos, contribuíndo tamén desta maneira a diminuír as cifras do paro.

Todas estas medidas teñen como obxectivo o apoio ás empresas e ao mantemento dos postos de traballo que xeran na cidade, pois a nosa prioridade foi e segue sendo, a maiores de máis e mellores servizos, a maiores da modernización da cidade, a de evitar o peche de establecementos e a destrución de emprego por mor da pandemia.

Nesa mesma liña iniciamos este mesmo mes unha campaña para impulsar a economía dos barrios de Lugo a través de incentivar a compra nos comercios de proximidade. Campaña á que destinamos preto dun millón de euros, que durará todo o ano 2022, e que combinará unha ampla oferta de lecer e de entretemento por barrios con formación específica e asesoramento dirixido a locais comerciais e de hostalería para que resulten máis atractivos.

As pequenas empresas son a columna vertebral da nosa economía, xa que forman parte da identidade dos barrios, achegándolles unha riqueza e valores insubstituíbles, e debemos apoialas porque é de xustiza e porque estamos convencidos de que a recuperación da economía debe comezar no noso entorno máis inmediato.

O capítulo de investimentos, como se sabe, creceu un 40% respecto ao do ano anterior, e seguirao facendo no 2022, pasando de 10,4 a 15 millóns de euros, porque tivemos claro que a pesar da situación que vivimos, e cito palabras textuais da alcaldesa, “Lugo non pode nin debe frear o seu crecemento e para iso é necesario desenvolver grandes e pequenas actuacións que melloren a vida e o entorno da nosa veciñanza e que mobilicen recursos económicos axudando tamén desde xeito a unha rápida recuperación”.

As liñas xerais dos investimentos, nos que foron transversais a perspectiva de xénero e a loita contra o cambio climático, buscaron ampliar os espazos públicos peonís, humanizar rúas e prazas, mellorar o patrimonio, ampliar zonas verdes e espazos de lecer e deportivos, parques infantís, zonas biosaudables, así como melloras na conectividade, na mobilidade ou no alumeado. Actuacións ás que se referiu amplamente a alcaldesa na súa intervención e que por tanto en aras da brevidade só citarei algunhas. Como ese proxecto europeo Muramiñae, no que, como todos sabemos, se están materializando obras importantes en mobilidade e conexión da trama urbana co río, obras de substitución de fibrocemento no abastecemento, de ampliación da rede de traída de auga, de melloras no saneamento, avances na concretización da zona pública de baño, aprobada no día de onte en Xunta de Goberno, e que será unha realidade o vindeiro verán para desfrute de veciños e visitantes, o Lugo + Biodinámico, o edificio a creación de 1,5

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

hectáreas de novas zonas axardinadas; inclúe hortos verdes, así como o acondicionamento e renovación da concesión dos 32 hortos urbanos ecolóxicos do Parque dos Paxariños; ou obras e melloras de distintas parroquias do rural por un valor superior aos 1,7 millóns de euros, e que inclúen abastecementos, renovación de vías con aglomerado en quente, actuacións en escolas, fontes, lavadoiros e máis elementos etnográficos, sinalizacións, melloras no alumeadado público, etcétera etcétera. Ou, en fin, actuacións de mellora de eficiencia enerxética en nove instalacións municipais, que permitirán unha redución do consumo enerxético anual de ata 52,03%, así como das emisións de CO₂ á atmosfera nese compromiso compartido de redución dos gases de efecto invernadoiro na loita contra o cambio climático.

Nesta liña enmárcanse os eixos fundamentais dos orzamentos do Concello para o vindeiro ano, aprobados recentemente no Pleno, pero diso falaremos máis polo miúdo na segunda intervención.

Moitas grazas.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández. E, para finalizar esta primeira quenda, ten a palabra o portavoz do Partido Popular, señor Carballo.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, Paula.

Agradézolle o ton da intervención da señora alcaldesa, pero a verdade é que ese bo ton non vai parello á boa xestión, nin tampouco vai en contra do bo ton que se supón que tamén utilizamos os demais grupos aquí presentes.

Pero a realidade é que na rúa, desde logo, hai malestar por esas decisións erradas, pouco acertadas ou improvisadas que tomaron durante estes últimos 12 meses. O que todos os veciños e veciñas de Lugo están vendo é que este bigoberno de esquerdas ten un déficit preocupante de escoita activa aos cidadáns, e ese é termómetro máis fiable, o que reflicte a realidade do día a día dos lucenses e que vostedes intentan minimizar unha e outra vez para presentar un estado da cidade que non é o real, só é algo que teñen vostedes nas súas mentes, pero que os lucenses desde logo non vemos.

Pero non é malo que teñan todos eses proxectos nas súas cabezas, pero necesitamos que eses proxectos sexan realidade, porque ao ritmo de execución que vostedes empregan tardaremos moitos anos en velos.

A realidade do Concello éles esta: os lucenses non queremos un Goberno que asfixie as familias, e esta afirmación non é do Partido Popular, senón que é unha realidade recoñecida pola Organización de Consumidores, a OCU, que segundo un informe que realizou recentemente sitúa Lugo, a capital luguesa, como a capital galega co IBI máis caro; aquí teñen vostedes o cadro.

Outro exemplo máis de como asfixian vostedes as familias témolo no sobrecusto dos recibos da auga. Na nosa oficina, ese chiringuito, como a denominaron vostedes en forma despectiva, contabilizamos máis de 200 reclamacións, máis de 200 problemas que vostedes crearon polos fallos na lectura dos contadores como consecuencia do desmantelamento de Servizo de Augas.

O terceiro exemplo de como asfixian os lucenses témolo no sablazo dos vaos, que repercutiu en pequenos empresarios que pasaron de pagar 150 a 411 euros anuais por un permisode pasaxe comercial.

En segundo lugar, os lucenses non queremos un bigoberno incapaz de xestionar. A mellora no aseo urbano de Lugo segue sendo unha asignatura pendente. O recente anuncio da adxudicación do contrato de servizos de limpeza e recollida de lixo, caducado, recórdolle, dende hai catro anos, non resolve o problema a curto prazo, xa que a día de hoxe non poden vostedes nin garantirmos cando entrará en funcionamento; se o saben, pódennolo dicir, señor Fernández.

Mentres tanto, os lucenses asistimos atónitos a situacións insólitas, como a imaxe dun camión de basura tirando desperdicios nun soar de Abella ou as imaxes demoledoras dos restos do botellón no adro da Catedral e no seu entorno ao paso do Camiño Primitivo. Así é como vostedes queren conseguir ese cuarto Patrimonio da Humanidade para o noso casco histórico? Dende logo, ese non é o mellor aval.

Vostedes tamén prometeron sacar a licitación cada mes un dos contratos caducados, esa é outra mentira máis. Aínda teñen unha longa lista de servizos pendentes con contrato caducado: o ciclo da auga, o alumbeado público ou o control da rede semaforica, por citarlles algúns exemplos.

E o urbanismo é outro dos departamentos que vostedes son incapaces de reactivar. O único que conseguiron neste servizo foi que o señor Couto, a súa fichaxe estrela, tivera que dimitir porque non se lle permitiu traballar na solución dos problemas deste departamento. Pasou outro ano máis con vostede de alcaldesa, señora Méndez, e os problemas reais e moi serios que hai neste servizo seguen enquistados. Ogallá non tiveramos que repetir en cada debate do estado da cidade esta retahíla, porque así significaría que houbo algún avance. Pero non, con vostedes iso é imposible.

Seguimos co colapso na concesión de licenzas: dous anos no rural, máis dun ano na zona urbana. Non se avanzou na aprobación definitiva do Plan xeral, ese 5% pendente que está afectando de forma especial ao rural. Seguimos pendentes da revisión do PEPRI. E vostedes tamén continúan perpetuando o modelo abusivo de contratos menores, e seguen a incrementar esas adxudicacións a dedo.

En terceiro lugar, os lucenses non queremos un Goberno que hipoteque os lucenses coas súas malas decisións. En febreiro coñeciamos a sentenza da Fábrica da Luz, que condenaba o Concello a pagar 2,4 millóns de euros aínda; a día de hoxe seguimos agardando por ese expediente administrativo que se comprometeu a abrir aos responsables deste despropósito, ou supoño que xa a señora alcaldesa se olvidou del, ou é que tamén ten algo que tapar e por iso non abre o expediente.

Esta é a segunda hipoteca millonaria que teremos que asumir todos os lucenses logo da das torres do Garañón, froito dese urbanismo á carta de socialistas e nacionalistas en Lugo; e iso que polo que vemos o do Garañón aínda ten moita máis tea que cortar. Por certo, seguimos sen saber quen se fará cargo desas indemnizacións millonarias ao promotor do Garañón. De momento, o millón de euros para a demolición, que se aprobou este ano, é a primeira cota que pagaremos os lucenses da súa desfeita urbanística.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

Os cidadáns de Lugo tampouco queren un Goberno, Partido Socialista-Bloque Nacionalista Galego, que bloquee proxectos. Por citar algúns dos máis mediáticos e dos máis sangrantes, temos a creación da praia fluvial. Xa sei que saíron cun cartel “noticia histórica”; bueno, é histórica, ten 10 anos de historia detrás, iso é verdade; a unión do paseo Miño e Rato. Iso por non falar da apertura do novo Auditorio de Magoi do que hoxe celebramos ano e medio desde que vostedes teñen a chave e recordámosllo con estas pancartas que temos de fondo de pantalla. Ou os 4 anos que levan sen abrir a cafetería do Vello Cárcere despois de gastar diñeiro e diñeiro público alí.

Os lucenses non merecen un Goberno que complicou o tráfico en Lugo, e si, señor Arroxo, claro que complicaron o tráfico en Lugo, se non, pregúntelle aos lucenses. E sabían vostedes que o 90% dos cambios que fixeron incumpren co seu propio Plan de mobilidade? Míreno. Como é posible que despois da reforma do transporte público que tanto revuelo montou, sigamos con datos de usuarios, iso é o realmente importante, nos autobuses por debaixo da época precovid. Tamén toman por tontos os veciños e veciñas vendéndolles a posta en marcha dunha web, cando o que se precisa é unha aplicación para móbiles. Coma sempre, imos por detrás de calquera outra cidade que utiliza apps ou inclúe a información en Google Maps das liñas de autobuses.

E que dicir da ORA? Tras seis anos dende que a alcaldesa a anulou, seguimos sen alternativas para aparcar. Nós xa propuxemos un sistema rotativo gratuíto naquelas zonas comerciais con problemas de aparcamento, non afoguen vostedes máis o comercio.

En Lugo estamos cansos dun Goberno que improvisa, o exemplo máis gráfico son as intervencións financiadas con fondos europeos. Aí están montando unhas caldas quentadas, de auga do río quentadas con quentador. A construción dunha pasarela dun millón de euros nunha zona onde xa se vai facer unha intervención para salvar a Nacional VI tal e como xa demandamos dende o Grupo Popular. E xa para nota o follón que están montando co carril bici. Plantean vostedes un Verano Azul en bicicleta, de verdade de chiste; empezamos polos quiebros para esquivar os edificios de Marqués de Ombreiro, seguimos cos cruces imposibles, como a confluencia da ronda do Carme con República Arxentina, e aí non me digan que non van crear vostedes un punto negro. Quitarían outros, van crear un aí. O perigo no trazado da Volta da Viña; a supresión de centos de prazas de aparcamento no barrio da Residencia; e agora presentan a idea de facer un carril bici nas Fontiñas. Espero que só sexa un globo sonda porque, antes de facelo, desde logo que terían que ver como resoven os problemas de aparcamento que hai naquela zona.

Tamén sorprende que teñamos un Goberno incapaz de buscar o consenso e que só aplique o rodillo. Vostede, señor alcaldesa, negouse a recibirnos para abordar cuestións que afectan ao futuro de Lugo. E pola soberbia da señora concelleira responsable de Economía non convocaron vostedes nin a mesa de ordenanzas nin tampouco unha xuntanza informativa sobre o proxecto de orzamentos que vimos de aprobar.

Os da bancada do BNG repiten o mesmo patrón autoritario, véxase o trato dado na Comisión de Festas. Bueno, e este ano tamén estreamos unha nova modalidade de

rolda de prensa na que un concelleiro do seu grupo, señora alcaldesa, irrompía mentres faciamos unha comparecencia ante os medios para xustificar neste caso un gasto de 45.000 € para amoblar con cadeiras e mesas do luxo o xardín do CEI-Nodus.

Este é un Goberno que permanece de brazos cruzados diante de problemas que afectan á seguridade cidadá; neste asunto vostedes utilizan o mantra de minimizar problemas como o do botellón, o dos okupas, e de verdade que son vostedes os únicos que non ven o problema. É unha falta de responsabilidade que a alcaldesa sexa neste caso refén do Bloque Nacionalista Galego á hora de impulsar unha ordenanza de convivencia que dote de ferramentas legais os axentes para sancionar, cando todas as grandes cidades galegas teñen bandos ou ordenanzas para frear o botellón. Tampouco entendemos a súa negativa sistemática a instalar cámaras de videovixilancia para evitar ataques contra o patrimonio; o último témolo nas pintadas que apareceron na praza de Santa María.

E nestes tempos difíciles desde logo que temos un bigoberno que falla nos servizos sociais. As dimisións na xefatura de Servizos Sociais e as constantes baixas do persoal no servizo repercutiron na atención final aos cidadáns. Por outra banda, non se avanzou nada no tocante a mellorar a seguridade nos centros sociais, e nada se fixo para impulsar o voluntariado para o acompañamento de persoas que viven soas ou maiores. E sen dúbida resulta xa un insulto que continuemos a día de hoxe sen estar adheridos a VioGén.

E por último, para ir rematando, os lucenses non queremos un Goberno que estea máis pendente de vixiarse entre eles e con dúas visións moi distintas de cidade. O último episodio deste matrimonio de conveniencia foi á conta do AVE; mentres a señora alcaldesa se felicitaba en Ourense da chegada da alta velocidade, o BNG, cronómetro en man, denunciaba a discriminación de Sánchez cos lucenses en materia ferroviaria. Todo un espectáculo! Os veciños de Lugo están cansados deste espectáculo e de que os socios do Goberno fagan cousas só para acaparar titulares nunha loita permanente de egos.

Outros exemplos deses desencontros témolos cando o BNG anuncia concertos e o Partido Socialista os suspende porque din que non se poden celebrar actos en Quiroga Ballesteros porque as obras non están recepcionadas. A inauguración da reforma dos souto da Praza de Abastos en dous tempos: a alcaldesa acode dúas horas antes e logo, o señor Arroxo. A invalidación do decreto de Rubén Arroxo para optar ás axudas europeas Next Generation. Outro caso foi o das barracas de San Froilán; tras insistir o Partido Popular de que se permitiran e tras ter que aguantar as acusacións do Bloque Nacionalista Galego de que a petición do noso grupo era por intereses políticos, finalmente a alcaldesa viuse na obriga de impoñer o seu criterio e deixar que se montaran as atraccións.

E xa remato dicindo que Lugo non merece este dobre Goberno. Deixen de pensar só en titulares e pensar nunha foto e pensen máis nos problemas reais que teñen os veciños e veciñas de Lugo.

Polo momento nada máis.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Carballo. Iniciamos agora a segunda quenda; recórdolles que teñen 10 minutos de tempo. Comezamos e ten a palabra en primeiro lugar a portavoz do Grupo Municipal de Ciudadanos, a señora Louzao.

- **OLGA LOUZAO ALDARIZ:** Moitas grazas.

Pois logo da intervención da señora alcaldesa e dos seus vicevoceiros, cando nos falan desa cidade enérxica, desa cidade viva, pois queda claro que seguen a vivir nun mundo propio de fantasía ou que vivimos en Lugos distintos, porque que a nosa cidade avance, que na nosa cidade se cren novas actividades empresariais, pois está claro que non é pola acción deste bigoberno –podemos poñer moitos exemplos dos que xa falamos nas nosas primeiras intervencións–, senón pola valentía e polas ganas de moitos lucenses que se resisten a deixar Lugo na estacada e seguen a emprender e a iniciar actividades a pesar dos atrancos desta Administración. Podemos falar das licenzas, podemos falar das taxas, podemos falar dos impostos municipais.

E non, señora alcaldesa, mire, a oposición non bloquea, a oposición advirte e propón, e pon o acento sobre as mentiras e as accións erradas deste bigoberno. Fala vostede das contas, dos orzamentos. Como apoiar unhas contas que teñen como primeira finalidade o autobombo de dous partidos que só traballan motivados polo rédito electoral? O luns puxemos moitos exemplos disto que creo que hoxe non é necesario volver a repetir.

O malo para os lucenses é que doutro lado da oposición pois hai un muro, un muro dun bigoberno que non escoita, que ataca e que mente. E sorprende que vostede saque peito hoxe da súa xestión económica, cando non son capaces nin de cadrar as contas. O ano pasado 10 millóns de desfase na liquidación das contas.

E que sigan superando con creces ano a ano as facturas que se pagan con reparos de legalidade e que sigan sen poñerlle couto a este tema. Ou cando seguen con contratos caducados cando vostedes nos prometeron que neste ano 2021 isto xa estaría rematado, como son o do lixo, que aínda nos queda pendente, ou como é o da auga, dous dos contratos máis importantes que ten esta Administración. Ou cando seguen a ser vostedes campións dos contratos menores, incluso algúns fraccionados de xeito irregular.

Nós non imos ser quen diga que non se fixo nada, só faltaría, porque vimos de 4 anos absolutamente perdidos nos que vostedes encheron os bancos con cartos públicos porque non executaban nin os orzamentos. E non dubidamos de que aprenderon a lección, porque, señora Méndez, case que lle custa a vostede a Alcaldía, pero que se gasten cartos públicos non quere dicir que se gasten ben, habería que dicir que en moitos casos en Lugo se malgastan. Entón, como pode esperar, a oposición vai levar a cabo o seu traballo de fiscalización e de control para que este bigoberno non malgaste nin tire os cartos de todos os lucenses.

Escoitala hoxe falar con toda esa lista de medidas postas en marcha parece que xa está todo feito e que non lle queda nada pendente, pero vostede ben sabe que non é así. E ímoslle refrescar a memoria con algunhas cousiñas para que anoten neses papeis que ten vostede diante.

Bolsa de emprego pendente, seguen moitos lucense esperando a que saia adiante; banda de música sen director; contratos caducados; o Garañón aínda pendente; por non falar do Auditorio; do saneamento do rural. Aíndalle quedan asuntos que van requirir de moita acción.

E falan vostedes tamén da súa potente campaña de Localmente Lucenses, que de seguro tamén nos custou moitos cartos. Será efectiva? Pois deixe que o poñamos en dúbida porque o seu spot en YouTube, que leva seis días publicado, pois a día de hoxe só leva 148 visualizacións. Quizais, se coñeceran vostedes mellor a situación do comercio local, das súas necesidades, pois poderían ser capaces de poñer en marcha accións que teñan resultados positivos. Porque esta é outra asignatura pendente deste bigoberno: nunca revisan nin avalían ningunha das súas medidas para saber se tiveron o impacto e o resultado esperado. Miren o que pasou co Plan VIVE, que nin vostedes sabían que non se contactara coas persoas interesadas.

Que hoxe o vicealcalde, o señor Arroxó, critique o labor da oposición no tema do autobús é de ter moi pouca vergoña, porque durante semanas pedímoslle a convocatoria da Mesa de Transporte, como espazo no que había que tratar todas as queixas plantexadas polos veciños porque eran incapaces de que vostede, señor Arroxó, como vicealcalde o escoitara. Vostede negouse a recibir a cada un destes veciños, que só querían poñerlle, que soubera cales eran as súas demandas que ás veces se podían arranxar cunha simple marquesiña. Di que, se gobernamos os demais, que Deus nos libre; Deus nos libre de que vostede vaia ser alcalde cando non está nin para atender uns veciños que lle queren presentar algunhas demandas do bus. Había que tratalo entón, pedir audiencia para poder falar con vostede ou tratalo de don para que poida escoitar.

Señora Méndez, non teña ningunha dúbida de que o que pretende o noso grupo con cada proposta, con cada crítica ou con cada petición é que a nosa cidade avance. Que a cidade na que nós decidimos quedarnos a traballar, na que decidimos formar a nosa familia, na que temos a nosa vida pois sexa unha cidade á altura das circunstancias. Unha cidade que nos merecemos todos, unha cidade da que nos sentimos moi orgullosos, pero que a día de hoxe lle segue faltando pulo. Precisa que as administracións todas se impliquen e esta implicación ten que estar liderada por vostede, porque non podemos compartir que vostede nos fale de Intermodal cando vostede se sobe nun tren, nun AVE que chega a Ourense, pero que en Lugo non temos unhas conexións ferroviarias que nos poidan conectar co resto da comunidade; somos a única capital de provincia que a día de hoxe ten unhas conexións ferroviarias deficitarias, e vostede segue a falar e vendendo a Intermodal como se fose a panacea, que acabará sendo un parque de atraccións no que sentaremos nun banco para ver unhas vías do tren se realmente non se poñen medios e recursos económicos para cambiar esta situación.

Queda moito por facer, moitísimo por facer, e sabe perfectamente que contará co noso grupo cando vostedes poñan en marcha medidas que vaian en beneficio da cidade, como foi o Plan Transforma, que nós apoiamos co noso voto, pero hai outras cousas señora Méndez que non imos estar do seu lado, porque son absolutamente ocorrencias e improvisacións que encima nos custan moitísimos cartos públicos aos lucenses.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

Nós cremos que Lugo pode medrar, Lugo pode avanzar, e será a única forma se vostede se senta a escoitar, se vostede se senta a dialogar con todos os membros desta Corporación, será a única forma de que os lucenses e as seguintes xeracións disfruten dunha cidade verdadeiramente viva, tanto social, como cultural, como economicamente, e non cunha hipoteca que terán que seguir mantendo durante moitísimos anos froito e resultado das ocorrencias e improvisacións deste bigoberno.

Moitas grazas e felices festas a todos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señora Louzao. Ten a palabra o portavoz do Bloque Nacionalista Galego, o señor Arroxo.

- **RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ:** Moitas grazas.

A verdade é que despois de escoitar algunhas partes das intervencións anteriores, polo momento non sabía se estaba no Debate do estado do concello de Lugo ou no Debate do estado do concello de Bronx, non? Creo que hai que ser menos catastrofistas e un pouco máis realistas.

E a verdade que é que hai outra cousa que me sorprende tamén; sorprende, non, igual é unha aclaración. Ese cuestionamento constante a un Goberno bipartito. Entendo que, se o Partido Popular ou Cidadáns tiveran un concelleiro máis, non ían gobernar baixo á súa ética de que un goberno bipartito non é válido, non? Por iso esas cousas que acontecen agora en Murcia, na Comunidade de Madrid, en Castela e León, porque os gobernos bipartitos non son lexítimos, entón non poden levarse adiante, pero, bueno, está ben esa aclaración.

E ademais hai certas cousas: é perigoso que dende un partido da oposición se repita unha falacia lanzada por unha persoa que represente un colectivo sen corroborar a súa realidade. Porque, vamos ver, cando foi o cambio do transporte público, por aquí, por esta oficina na que estou agora, pasaron ducias de veciños diariamente que foron atendidos. Outra cousa é que houbese algunha persoa que, como dicía Olga Louzao no pasado, que agora parece que xa cambiou de opinión, que quixera un trato VIP, frase de Olga Louzao. Iso é outra cousa, e non se lle deu, efectivamente. Pero por aquí pasaron ducias de veciños e veciñas que foron atendidas e que se lles atendeu con todo ao que viñan, que era sobre todo buscando información pola confusión que se creou nos medios de comunicación por parte de persoas moi pouco responsables a ese respecto.

E despois preguntaba o señor Carballo unha pregunta moi interesante, como pode ser que o transporte público teña hoxe menos usuarios que hai 2 anos?, creo que dicía, como pode ser? Home, pois eu creo que o sabe todo o mundo. O INE pódello explicar, agora mesmo no Estado hai un 40% menos de usuarios do transporte público de todas as idades con respecto a hai 2 anos, un 40 %, pode ver os datos no INE. En Lugo estamos en torno ao 25% menos de usuarios. Bueno, é certo, hai un problema que aínda hai medo de que a xente, hai moitas persoas que aínda non se queren subir ao transporte público por medo, porque durante tempo se considerou que era un punto de contaxio. Algo que pouco a pouco está avanzando

e ademais vemos como cada mes que pasa hai máis confianza porque tamén se volven recuperar progresivamente os usuarios.

E, por certo, falar de problemas de tráfico en Lugo... home, non sei, se os comparamos cos problemas de tráfico de Pedrafita, igual si, pero é que os problemas de tráfico de Lugo, a ver, que haxa que coller un semáforo dúas veces en vermello cando son as entradas dos colexios non é un problema de tráfico. A día de hoxe un bus urbano en horario de entradas e saídas dos colexios tarda entre 3 e 5 minutos máis en atravesar Lugo que no resto do día, iso non son problemas de tráfico, máis aló dos que poidan ser normais en momentos puntuais.

Porque, ademais, é que neste mandato dende a oposición parece que hai dúas liñas políticas: a do non porque si ou a improvisación do día, e hai que dicilo así de claro, porque un día é unha cousa e o día seguinte é toda a contraria. E pódovos varios exemplos, un día aquí ademais, falando dos problemas de tráfico, o Partido Popular sobe un chíno que me etiqueta a min cunha foto porque hai unha fila de coches no semáforo da porta do Carme, entón din: "problemas de tráfico causados por Rubén Arroxo... non sei que non sei canto...". Moi ben, non sei se que o que querían era retranquear a muralla para poñer un terceiro carril, non o sei. Pero o curioso é que 15 días despois o Partido Popular propón ensanchar as beirarrúas en comisión diante da porta do Carme e polo tanto eliminar un carril. Entón ese é o día a día diso... Ou como un día din que o calmado do tráfico provoca atascos e o outro día mandan un comunicado pedindo elementos de calmado do tráfico en determinados puntos. Un día dinche que hai que ter moito máis sentidíño e que hai que apostar polas medidas de seguridade do control do Covid e ao día seguinte preguntan que por que están desconectadas as pantallas táctiles do MIHL. Un día acúsante non sei moi ben de que, e ademais como demostración irrefutable utilizan unha foto de Instagram do Entroido do ano 2018 como proba de que iso deixa totalmente claro o asunto. Un día cuestionan a cultura segura e ao día seguinte, neste caso foi antes, piden que haxa charangas durante o confinamento pola rúa. Un día denuncian que o Concello deixa 200 nenos e nenas sen comedor, e resulta que 200 foron os que quedaron sen comedor nun colexio no que o comedor o xestiona a Xunta. Un día e outro día e outro día din que hai que abrir o Auditorio e non mencionan a chea de deficiencias que, por certo, un Auditorio novo que nin foso de orquestra ten, ou sexa, que nin vai poder actuar unha orquestra nun Auditorio novo. Ou sexa, que ata aí chegamos, esa gran infraestrutura que nos trae a Xunta de Galiza.

O certo é que afortunadamente Lugo está gobernado cun proxecto claro, que o estamos levando adiante. Eu entendo que doía na oposición, pero que o estamos levando adiante e o imos seguir levando adiante. E tamén entendo que facer oposición así é moi difícil, é moi difícil. Pero eu pediría un pouco máis de rigor e que non se caía sempre nos mesmos mantras, que xa aburren, e que ademais que se sabe que non son certos. Porque, se non, así eu creo que a cousa vai ir mal tanto partidistamente para a oposición como para a cidade de Lugo, porque non se aporta nada.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

É preciso actuar nunha liña e positiva, é preciso actuar pensando en Lugo e deixarse xa de mirarse para o embigo e deixarse de mirar para cuestións de partido.

Mirade, o ano 2020 –e xa remato con isto– foi un ano para loitar contra a pandemia; o ano 2021 permitiunos retomar grandes proxectos que noutro momento, no ano anterior, pois por cuestión das urxencias houbo que deixar un pouco máis de lado; este ano 2022 vai ser ademais o ano no que se van ver moitos destes resultados. E estou seguro de que a veciñanza de Lugo vai poder desfrutar deles porque, ademais, a min a veciñanza de Lugo si que mo transmite, si que mo transmite no día a día que están moi orgullosos e orgullosas co que se está a facer nesta cidade e de como está a avanzar esta cidade. E imos seguir por ese camiño. E síntoo moito e entendo que así, como dicía antes, facer oposición é moi difícil pero igual, se se lle bota un pouco máis de imaxinación e un pouco máis de rigor ás cousas, seguro que se poderá facer moito mellor.

Así que moitas grazas e moi boas festas a todos.

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Arroxo. Ten a palabra agora o portavoz do Grupo Municipal Socialista, o señor Fernández.

- **MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ:** Si, moitas grazas de novo.

Eu, a verdade, non tiña pensado intervir moito tempo; pretendía ser moi breve pero, á vista das intervencións dos grupos da oposición, pois terei que estenderme un pouquiño máis.

En primeiro lugar, fala, señor Carballo, e quéixase de falta de diálogo. Pero, home, como se pode vir aquí apelando á falta de diálogo cando o seu partido vén de protagonizar en Castela e León o maior acto de deslealdade, de desatino, de insolidariedade en moito tempo cesando o señor vicepresidente de Ciudadanos por WhatsApp sen previo aviso. Por tanto, señor Carballo, señora Louzao, menos xuízos de valor, menos dar leccións e máis espírito construtivo e máis esforzos por acordar. Nós, sempre o dixemos, estamos dispostos a facelo.

En segundo lugar, os que amamos o rural, a verdade é que nos doe esa visión catastrofista, negativa, inxusta e –tamén o vou dicir– descoñecedora do noso rural. O que trasladan os grupos da oposición unha vez máis poñendo por riba as súas estratexias partidistas por encima da rigorosidade e da coherencia, porque o noso rural non é o que vostedes din, e non lle fan ningún favor.

Miren, a conta de resultados do ano pasado no rural –e xa sabe que o que non son contas son contos–, pois as contas son as seguintes. Aglomerado en quente, máis dun millón de euros en 22 vías municipais; mantemento de vías, 135.000 €; desbroce de parroquias, 110.000 €; melloras nos servizos eléctricos, con melloras de eficiencia enerxética, cambios de luminarias, etc., 92.000 €; melloras en elementos singulares, 42.000 €; abastecemento, señora Louzao e señor Carballo, abastecemento 242.000 €, do cal lle falarei agora. É dicir, un investimento superior a 1,7 millóns de euros. Por tanto, a imaxe que están trasladando non é a real.

Porque, mire, falaba vostede tamén do servizo de augas, que, por certo, sábeno porque así se lles trasladou na comisión correspondente, que unha vez resoltos os

problemas de persoal levamos todo o ano, catro trimestres consecutivos, procedendo á lectura da totalidade dos contadores da cidade; polo tanto, temos moi encauzada esa solución.

E, mire, o Concello de Lugo, como vostede debería saber, vese obrigado, os veciños e veciñas, a aboar á Xunta de Galicia anualmente o canon da auga; pois direille que nos últimos cinco anos levamos aboados 7.223.190,41 euros, sen retorno económico ningún para este Concello. Porque, a pesar de ser un imposto finalista, estes diñeiros –hai que dicilo– van destinados a outros concellos da provincia, que non temos nada en contra, por suposto, pero que é curioso todos do mesmo signo político, señor Carballo.

E, mire, eu a verdade é que estaba expectante despois do Pleno de orzamentos, onde a compañeira e concelleira de Economía o cominou a tomar a palabra no Parlamento de Galicia e defender asuntos nucleares para a cidade, como este do canon, eu estiven expectante e, que pena!, señor Carballo, que eu non lle vin defender os intereses da cidade de Lugo no Parlamento de Galicia. Se vostede pretende lexitimamente ser alcalde de Lugo, ten que poñer por riba os intereses da cidade, por encima de calquera outra estratexia partidista ou do que sexa. Que pena, señor Carballo!

Carril bici. Bueno, eu non sei tamén como se pode vir aquí exixindo nada en relación ao carril bici cando vostedes foron perfectamente informados e tiveron á disposición toda a documentación en relación á Estratexia DUSI e as liñas temáticas que incorporaban loxicamente o carril bici; por tanto, eran coñecedores do trazado, da lonxitude e das zonas polas que discorría, e nada dixeron, señora Louzao e o señor Carballo, nada dixeron. Nin nas comisións informativas, nin nas xuntanzas que fixeron a tal fin, nin nas xuntas de portavoces, nada dixeron. Din agora a touro pasado, o cal no meu pueblo se cualifica de oportunista, cando menos.

E, señor Carballo, para rematar, debería vostede actualizar o discurso, porque non pode vir aquí dicindo ou metendo no saco dos, segundo vostede, proxectos bloqueados a zona pública de baño, porque non é verdade, porque foi aprobada no día de onte na Xunta de Goberno. E pode vostede discrepar, opinar, etc., etc., pero non é rigoroso. E dígolle máis, con todas as discrepancias que son lexítimas, diga vostede se se alegra ou non se alegra de que a cidade de Lugo e os veciños e veciñas de Lugo vaian ter á súa disposición unha zona pública de baño, dígaos vostede publicamente.

Mire, nós imos seguir traballando e para iso farémolo cos orzamentos recentemente aprobados, que para iso está a maioría de Goberno, e nas liñas que viñamos facendo nos últimos anos, que é: manter ese escudo social de protección á cidadanía, preocupándonos especialmente polos máis desfavorecidos e polos máis afectados por esta pandemia; avanzar nesa segunda gran transformación e modernización da cidade; e, en definitiva, acadar unha cidade máis sostible, máis verde, máis habitable e da que todos nos poidamos sentir orgullosos.

Máis nada e moitas grazas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Fernández. Para finalizar esta segunda quenda, ten a palabra o portavoz do Partido Popular, o señor Carballo.

- **RAMÓN CARBALLO PÁEZ:** Grazas, señora Alvarellos.

Señor Arroxo, eu non sabía que vostede se ofendía tanto por chamarlle vicecalde cando foi vostede o que se puxo o nome; xa sei que a señora alcaldesa lle prohibe que lle chamemos vicecalde, pero o nome púxoo vostede. E bigoberno non creo que lle moleste, son dos gobernos. Eu por suposto, se tivera que gobernar con outro partido, por suposto que gobernaría, e seríamos un goberno con dúas forzas políticas, pero vostedes son dous gobernos distintos, iso que lle quede claro.

E o señor Fernández parece ser que ten moito receo por non poder estar no Parlamento, xa llelo noto eu ultimamente, que están moi ambiciosos de ir ao Parlamento galego. Pero non se preocupen, agora xa lles gañou no Partido Socialista o seu representante. Antes xa sabemos que o señor Caballero non estaba nesa corrente e lles prohibía ir ao Parlamento, pero agora vostedes xa poden optar ao Parlamento, vale?, entón podémonos ver alí e defenderemos os intereses de Lugo tamén aquí e no Parlamento de Galicia.

Miren, o noso grupo, desde logo que veu a este debate para falar da realidade do noso Concello e non se molesten por iso, porque iso demostra que a foto que vostedes presentan non é a real, a real é a que observan os lucenses no día a día.

Nosoutros seguiremos a presentar iniciativas en positivo para mellorar a cidade e a vida dos veciños e veciñas de Lugo, a pesar de que vostedes xa sei que van aplicar o rodillo polo simple feito de que as iniciativas veñan do Partido Popular e nin se molestan en valoralas. Miren, busquen o consenso e non apliquen ese rodillo polo simple feito de ter 13 votos fronte a 10 do Partido Popular. Somos a forza maioritaria nesta Corporación. Nós seguiremos tendéndolles a man para facer unha política útil e que redunde nos beneficios dos cidadáns. Nós seguiremos cos pés na terra antepoñendo os intereses xerais de todos os lucenses por riba dos intereses partidarios. Xa o fixemos votando a favor dos 12.000.000 € do Plan Lugo Transforma, do Plan Reanima, dese millón de euros para demoler o Garañón, do 5% do PXOM, e nin os seus socios de Goberno votaron a favor.

No Partido Popular si somos responsables e coherentes fronte a este bigoberno, que parece que só traballa para os que levan o carné dos seus entre os dentes. Deben aprender a encaixar as críticas, xa que delas tamén se aprende. Déixense de facer oposición á oposición. Eu pensei que estaban vostedes aquí, señor Arroxo, para gobernar, pero xa vexo que se moven moito mellor na oposición.

E agora voulles falar dese Lugo que nosoutros queremos e que a maioría dos lucenses tamén queren. Para nós, para o Partido Popular, o principal valor de Lugo son os seus veciños e veciñas, por iso o emprego e a atención ás persoas son prioritarios. Lugo precisa un proxecto único de barrios en igualdade onde se prime o emprego e as oportunidades, por iso é importante sumarse aos concellos emprendedores para aproveitar eses fondos europeos e atraer empresas.

Tamén hai que axilizar a concesión de licenzas. Aquí xa teñen vostedes enriba da mesa unha proposta que lles brindamos para acurtar a un mes en vez de dous anos

a resolución das licenzas de obra, pero xa vimos como a súa soberbia lles impediú apoiala. Aínda así, aí teñen agora a solución, se verdadeiramente queren desbloquear esa área tan importante como é a de Urbanismo.

Así mesmo, é preciso simplificar os trámites e establecer rebaixas fiscais. Por iso nós avogamos por unha nova política en positivo con rebaixas en impostos como o da contribución. Para nós é preciso ter un plan de choque municipal contra o peche de negocios, así como un plan de mellora dos polígonos industriais.

Abrir o novo Auditorio de Magoi si, é máis que nunca necesario para dar traballo a ese sector cultural e que veñan tamén cidadáns doutros lugares a desfrutar destas instalacións e das súas actuacións. Agora é responsabilidade de vostedes, non se escuden nas deficiencias, vostedes recepcionárono. Conseguir que haxa en Lugo un referente cultural situando a cidade como un referente pola súa programación. Pero todo apunta a que os tiros non van por aí, senón todo o contrario, a permitir ese deterioro alarmante da mellor infraestrutura cultural que nunca tivo esta cidade, onde a Xunta de Galicia investiu máis de 23.000.000 de euros.

Outro pilar fundamental para unha sociedade igualitaria é ofrecer uns servizos sociais de calidade. Son moi habituais as noticias que nos atopamos en todos os medios de comunicación onde vemos casos de persoas que falecen soas nas súas casas sen que ninguén as acompañe. Por iso é moi necesario dar un impulso ao voluntariado para o acompañamento desas persoas maiores e que viven soas. Lugo, como xa dixen na miña primeira intervención, non pode estar máis tempo sen incorporarse ao sistema VioXén de protección ás vítimas de violencia de xénero. Unha iniciativa que data de 2006, onde nun convenio firmado polo daquela Ministerio de Interior, onde presidía o señor Rubalcaba, xa finado, e a FEGAMP. Practicamente todos os concellos que teñen Policía Local están adheridos a este convenio. Polo tanto, non sabemos cales son os motivos de que este bigoberno segue a dar largas neste tema tan sensible socialmente.

Os lucenses queremos unha mobilidade planificada e non a impulsos sen ter un plan de mobilidade para toda a cidade. Cada día é máis necesario un sistema de aparcamento rotatorio e gratuíto, cun límite temporal en determinadas zonas e controlado polo Concello, idea que os señores do BNG compartían ao 100% cando estaban na oposición, pero agora como xa pisan moqueta parece que esa visión é distinta. Este é un dos lastres que máis dano está a facer ao comercio do noso casco histórico. Pero se xa teñen decidido non implantalo, polo menos pedímolles que retiren eses parquímetros de chatarra que están nas aceras e que moitos turistas aínda a día de hoxe seguen metendo algunha moeda neles. Se verdadeiramente se quere que os lucenses utilicen o transporte público, señor Arroxo, deben vostedes dar un transporte gratuíto para menores de 18 anos e tamén os transbordos gratuítos. Aí teñen vostedes un exemplo na Xunta de Galicia, que oferta o transporte interurbano gratuíto para todos os menores de 21 anos en toda Galicia. Evitarían así ver eses autobuses vacíos dun lado para outro. Apostar polos aparcamentos disuasorios no entorno do casco histórico é fundamental, o mesmo que nas Fontiñas. Aquí xa teño que recoñecer que nalgúns barrios si se fixeron aparcamentos e axudaron a desconxestionar eses problemas.

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

O turismo é outro dos potenciais máis activos que temos nesta cidade. Temos que presumir dos tres patrimonios da humanidade: a nosa Muralla, a nosa Catedral e o Camiño Primitivo. Poucas cidades, e díxose aquí, poden presumir dun patrimonio así. Pero non debemos conformarnos e temos que pelexar por ese cuarto patrimonio para o noso casco histórico, pero para iso desde logo non podemos olvidar o aseo urbano nin tampouco avanzar en obras importantes como o paseo interior da Muralla. Por outra banda, temos que seguir abrindo a cidade ao Miño, e aí fixémoslle unha proposta, non obra menor; unhas pasarelas que unan o parque Rosalía co Marcos Cela e o paseo do Miño.

Os veciños e veciñas tamén queren unha maior eficacia e transparencia na Administración local, queremos que se liciten todos os servizos con contratos caducados. Aquí non fai falta que lle recorde novamente os que xa citei. É necesario ter un protocolo de uso para o aproveitamento dos edificios culturais municipais onde se inclúa un informe económico para saber o que custan a todos lucenses eses edificios.

Hai que avanzar na posta en marcha de medidas que favorezan a transparencia na contratación no noso Concello. Nós xa denunciámos en moitas ocasións o uso abusivo de contratos menores, algo que os señores do BNG denunciaban moito cando estaban na oposición, pero agora a verdade é que se fixeron uns expertos neste tipo de contratos.

Esta Administración ten unha eiva moi grande en canto á implementación dunha Administración electrónica real. Non é de recibo que nos falen permanentemente dun Smart City e que día de hoxe non se poida facer practicamente ningún trámite de forma telemática. E os señores do BNG espero que non sigan amordazando, a pesar de que lles molesta o tema de seguridade, amordazando a señora Méndez para que non aprobe esa ordenanza de convivencia e a instalación de cámaras de videovixilancia tanto no casco histórico como nos polígonos industriais. Digo isto, xa que agora vostedes prevén poñer un sistema de videovixilancia no Mercado e na Praza de Abastos; benvidos ao sentido común.

E, para rematar, esta cidade e este municipio ten recursos máis que suficientes para conseguir estes obxectivos, pero xa vimos nos presupostos aprobados esta semana que vostedes non teñen un modelo claro de cidade e vostedes van a bandazos con proxectos que non están deixando ningún beneficio para os lucenses, todo...

- **MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO:** Moitas grazas, señor Carballo. E para finalizar ten a palabra a señora alcaldesa desta cidade, a señora Méndez.

- **LARA MÉNDEZ LÓPEZ:** Moitas grazas, señora Alvarellos, e grazas a todos e a todas tamén polo bo ton, a pesar de que hai moitas cousas das que evidentemente discrepamos e coas que non podemos estar de acordo.

Gustárame iniciar cunha anécdota. É dicir, hai tres días estábamos debatendo no Pleno de orzamentos do Concello, un Pleno moi importante, que nos permitirá a folla de ruta do ano 2022 e, polo tanto, un Pleno de calado. E alí falaban por parte da oposición da praia fluvial: que mentiamos, que non van presupostados, que non

o iamos facer, que non iamos realizar esa obra. A señora Louzao hoxe polo menos xa nin fixo ningunha mención, corramos un tupido veo como que non pasaba nada e olvidámonos xa dese tema. O señor Carballo aínda foi peor, porque dixo que fomos alí cun cartel. Pero para ir anunciar unha obra teremos que ter un compromiso, que sempre dicimos nos orzamentos e despois acto regrado. Aprobouse en Xunta de Goberno, señor Carballo, a pasada, este mércores, por se acaso non o tiña presente. Eu escoitei atentamente as intervencións e fun tomando nota daquelas cousas que, bueno, creo que hai que dar algunha resposta nesta intervención.

Pareceume, iso si é certo, máis un balance de mandato que un balance do ano en curso, que é do que se trata neste Debate do estado do Concello, de facer un balance incluso propositivo tamén, que vin pouco neste eido. E, por moito que lles pese, somos un Goberno formado por dous partidos, dous partidos que temos un acordo programático, que parece que non acaban de ver a democracia neste eido. Un Goberno con dous partidos. E, fóra do noso acordo programático, temos distintas sensibilidades que temos amosado en distintas ocasións e que seguiremos amosando porque, se non, iríamos nas mesmas listas do mesmo partido e non o somos. Hai moitas cousas nas que estamos de acordo, sobre todo naquilo que asinamos para acordo programático.

O que si é certo é que hai unha alcaldesa e sete tenentes de alcaldesa, pero non porque tampouco o diga eu, porque o di e o recolle así a Lei de bases de réxime local, que por certo, non sei se o escoitaron, que pedín que se modificara. Incluso nesa modificación poden facer unha proposta de que entre a figura de vicealcalde, que a min non me molesta nin me estorba, porque é certo que aquí non hai vicealcalde, hai un primeiro tenente de alcalde e un segundo, un terceiro e así ata sete, que somos os que conformamos a Xunta de Goberno. Tamén o recolle a Lei de bases de réxime local, esta parte, por se estamos un pouco perdidos. O que si creo que hai que saber tamén diferenciar entre o que é soberbia e a asunción do cargo, porque eu vou asumir o cargo de alcaldesa, que para iso me escolleron os lucenses e me impuxeron nunha sesión plenaria para ser alcaldesa da cidade de Lugo, e vou seguir exercendo esa competencia porque á parte tamén o recolle a Lei de bases de réxime local. As obrigas son miñas e as responsabilidades tamén, e despois eu delégoas no Goberno da cidade, que é como están conformados; que neste caso xa hai máis membros, non só sete tenentes de alcaldesa, senón que hai máis concelleiros e concelleiras que suman a este Goberno, que suman a este proxecto.

E vostedes parece ser que teñen o mal que soe afectar a aqueles que se ven en risco de resultar irrelevantes e, polo tanto, por iso tenden a pensar que restar significa ter esa relevancia e sumar os difumina; e, créanme, non é certo: sumar non lles resta e seguro que llelo irán agradecer moitísimo máis os veciños e veciñas desta cidade.

Porque eu creo que non escoitaron nada do que dixen na primeira intervención, absolutamente nada, porque tampouco fixeron alusión a nada do que dixen e se se cumpre ou non se cumpre, se poden estar de acordo ou non. Viñan coa súa folla de ruta establecida e non a dar resposta ao plantexamento que facemos desde o

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

Goberno deste ano e o balance do mesmo. E digo que non escoitaron nada por moitas manifestacións. Falaba tamén a señora Louzao, de Cidadáns, "o Lugo que eu quero", o Lugo que eu goberno e que goberno en base ao que escoito, e escoito desde os axentes sociais, e emanan de aí moitas das propostas que levamos a cabo. CEL, empresarios, autónomos, comerciantes, hostaleiros; axentes sociais no ámbito sindical, no ámbito social, no ámbito cultural, no ámbito deportivo; incluso da oposición, tamén escoitamos, incluso propostas que levamos a cabo que veñen da man da oposición; e en definitiva de toda a veciñanza. E en base a iso proxectamos.

E as obras, señora Louzao, non son un fin, as sombras é a consecución de que se está transformando a cidade de Lugo. E parece ser que lle molesta que haxa obras na cidade, polo tanto estase contradicindo. É dicir, se hai obras, é que hai movemento, é que hai actividade, é que xeramos riqueza, xeramos emprego. E as obras, e acordo e concordo con isto, son molestas. Igual que cando facemos obras nas nosas casas, cando hai obras son molestas e xeran inconvenientes. Pero, xa lle digo, non é o fin en si mesmo, é a consecución de que estamos transformando a cidade de Lugo.

E outra cousa tamén, froito de que hai obras é que hai proxectos, por parece que non temos ningún proxecto enriba da mesa segundo falaba a oposición. E falaba tamén dos orzamentos a oposición, de que incrementabamos a débeda, de que ata nos iamos a unha débeda. Si, xa o fixemos o ano pasado, e á parte conseguimos xa o ano pasado débeda cero, é o obxectivo que imos manter para este 2022, pero tampouco non é a prioridade, porque a prioridade é seguir dinamizando a economía da cidade. E, se temos que asumir algo de débeda, asúmese, porque a débeda son gastos, pero os gastos no capítulo dos orzamentos son inversións para a cidade de Lugo e inversións para a cidadanía, para facerse un escudo social, para seguir investindo na mellora dos barrios, para seguir dinamizando a economía, e, polo tanto, si imos seguir aumentando a débeda se é necesario para acadar estes obxectivos. Que, xa digo, o obxectivo é que cheguemos igualmente á débeda cero, pero tampouco é o prioritario.

Señora Louzao, isto non lle é dogma de fe, a fe na Igrexa, aquí presupostos, aquí BOP, aquí DOG, aquí BOE, que é no que estamos a traballar. Os orzamentos que nos tocan a nós e os orzamentos que queremos que vaian reflectidos doutras administracións no BOP, a Deputación colabora en moitos proxectos que estamos a desenvolver na cidade; o DOG, non tanto así a Xunta de Galicia, porque primeiro vai nos orzamentos pero despois non os materializa; e no BOE, e seguiremos a traballar para que, dentro dos nosos orzamentos pero tamén no BOP, no DOG e no BOE vaian inversións para a cidade de Lugo.

E, bueno, aquí os orzamentos tampouco lle temos que contar nada máis, señora Louzao, porque en sete anos case que leva de concelleira non aprobou nin un só orzamento, nin un só orzamento; falamos de orzamentos, non dalgunha modificación de crédito. Por certo, as modificacións de crédito que si aprobou era cando o seu voto non era necesario. Bo, si; que suma, si; pero non era necesario porque tiñamos xa unha maioría, que é o que confunden ás veces vostedes.

E dicía o señor Carballo que me agradecía o bo ton; eu tamén lle agradezo o seu bo ton, non comparto o seu fondo, non comparto dicir que fale deses proxectos que temos na cabeza. Os proxectos están nas rúas, os proxectos estanse materializando, os proxectos están nos orzamentos, como digo, alí é onde se recollen os orzamentos. E os proxectos tamén están noutras administracións que, nalgún caso, léase a Xunta de Galicia, non está cumprindo coa cidade de Lugo; non pode ser que a rolda Leste leve anos e anos sen culminar; non pode ser que o plan Paradai xa vaia polos 21 anos sen finalizar desde o seu inicio; non pode ser que non haxa un compromiso real coa veciñanza de Lugo nestes momentos tan importantes.

E despois non vale todo, señor Carballo, non lle vale mentir, porque á parte é moi fácil pillar un mentiroso. Dicía miña avoa que sempre se pillan antes un mentiroso que un coxo. Pero falar da asfixia ás familias e dar datos falsos é confundir a cidadanía e intentar enganar os cidadáns. E os cidadáns son moi exixentes e non son tontos, e cando se ven mentidos tamén actúan en consecuencia.

Falaba vostede desa enquisa do INE, non se onde a buscou, pero os datos sonlle totalmente distintos. Lugo está por encima da media dos que menos cobran, non como dicía vostede o concello máis caro do IBI, está por encima da media dos que menos cobran. E sabe quen subiu o IBI nos últimos anos no territorio estatal?, pois fóronlle o Concello de Zaragoza, de Zamora, de Ceuta, de Salamanca, dende o ano 2013 todos incrementaron o IBI. Lugo non. Estes todos incrementaron o IBI, e sabe quen goberna nestes concellos, señor Carballo?, o seu partido. Entón non vale, non vale mentir.

Despois facemos un *totum revolutum* de todo, cousas que tamén podemos compartir. É certo que eu quero finalizar, e así o dixemos, que a finais do mandato iamos ter todos os contratos ao día, este segue sendo o gran obxectivo. O ano pasado no Debate do estado da cidade dixen que queríamos que este ano 2021 fose tamén onde acadáramos xa este obxectivo. E estamos ante un ano pandémico, dicíao ao principio, que hai que enmarcar a situación no ano pandémico, que parece que vostedes queren que fagamos unha folla de ruta sen ter en conta as situacións de dificultades, de grandes dificultades que estamos a vivir. É certo que estamos a traballar niso, é certo que xa a maioría están no circuíto para a súa licitación, a inmensa maioría, e que segue sendo un obxectivo deste Goberno e para este mandato, e así o imos acadar.

Falar de Urbanismo, do 5% do PXOM, son temas reiterados, son temas que xa se lles deu explicación, que o único que intentan é embarullar, que xa tiveron unha explicación técnica, que as políticas as poden ter, teñen instrumentos e órganos onde poder preguntar, onde poder clarear todas as dúbidas. No ámbito político o que queren, o único que buscan son titulares, que se lle pedimos unha reunión á alcaldesa e que se a alcaldesa non quere falar con nós, que se a alcaldesa... Teñen os seus órganos, señor Carballo, teñen as comisións, pregunten o que queiran, teñen a capacidade, poden ir aos servizos, como xa van nalgún caso, noutros casos parece que necesitan pedilo por escrito, noutros van e preséntanse. Teñen o seu cauce establecido, está todo regrado, utilícenos, fagan o seu labor, pero non só

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

busquen os titulares, os titulares búsqúenos noutras cousas, sumando para a cidade de Lugo.

Falan do 5% tamén, xa se lles explicou en que momento estabamos e xa se lles explicou que está a piques tamén de ver a solución, pero non lles vale porque, dicíao ao principio coa praia fluvial, estiveron ata o último minuto a pesar das respostas que lles demos desde o Concello, que o mesmo pasa co 5% do PXOM, o mesmo pasa coa área que se está reorganizando e xa está empezando a dar os seus froitos de Urbanismo. E non lles valen as explicacións que lles demos, porque queren os seus minutos de gloria. E pasou porque hai tres días estábannos negando, negando, que foramos a sacar a praia fluvial, cando se lles dixo que non necesitaba ir nos orzamentos porque xa tiña o seu orzamento, e estábano negando, co cal estaban mentindo. Con que?, coa intención de desacreditar o Goberno, que non lles pasa por aí o facer oposición. Non se trata de desacreditar, trátase de criticar aquilo que vexan mal, pero non de desacreditar. É vostedes pasan por desacreditar o Goberno, ese cren que é o labor principal da oposición. E buscando descrédito non conseguen nada, nada bo para Lugo e –créanme– nin nada bo para os seus partidos. Porque, de feito, estaban na oposición e seguen estando na oposición, que non gañaron a confianza da veciñanza. Poden facelo se cambian de actitude, pero con ese *totum revolutum* de intentar gañar a pesar dos explicacións, a pesar de que se lle di que está encamiñado, que está encauzado, que imos sacar a 5% do PXOM, que imos seguir avanzando na derruba do Garañón. Que imos abrir o Auditorio o ano que vén, que non se abriu antes porque hai deficiencias, señor Carballo. Non sei se sabe ou ten moi claro que é isto, porque dado que o seu partido quixo levar alí unhas corais, que llo tiveron que prohibir desde Santiago, porque o seu partido aquí en Lugo quería levar unhas corais a tocar e cantar alí, e xa lles mandara o correo ás corais. Pero cando viron a gran irresponsabilidade que era meter aquilo aquí sen recepcionar, sen verificar a seguridade, sen verificar se as instalacións de incendios funcionaban, sen verificar que funcionaban os ascensores pois evidentemente tiveron que pararlle os pés ao Partido Popular de Lugo dende Santiago para que non fixeran tal irresponsabilidade. E eu por moitas ganas que teña de abrir o Auditorio, que son a primeira, vou primar sempre a responsabilidade que teño que asumir como alcaldesa e pensando nos veciños e veciñas, en calquera veciño que poidan ir alí e ter un percance e despois teñamos algo que lamentar.

Polo tanto, como estamos a traballar para subsanar esas deficiencias porque a obra finalizou no ano 2016, pero inconclusa, porque o Partido Popular non contemplara a equipación e houbo que esperar ata o 2020 a recepcionala, pois vou esperar a que estea todo ben concluído e seguro para poder abrir as portas, que todos desexamos, á cidadanía, e farase.

Que falen de fondos europeos improvisados é xa non ter coñecemento xa non do Concello nin de como funcionan os fondos europeos, porque se hai algo testado, corroborado e pasado por un montón de filtros en Madrid e en Bruxelas son os fondos europeos. Incluso non só para despois facer as xustificacións se non para ser o momento de concedelo, porque non sei se se acordan cando fora a primeira Estratexia DUSI, non todos entráramos na primeira tandada de fondos europeos,

houbo xente que foron rexeitados, os seus proxectos foron rexeitados. Véxase a cidade da Coruña, cando estaba gobernada polas Mareas; véxase a cidade de Ferrol, cando estaba gobernada polas Mareas; véxase a cidade de Ourense, cando estaba gobernada polo Partido Popular... Non tiveron a consecución dos fondos.

Polo tanto, non son ideas imprevistas, non son proxectos sen validez, todo o contrario, son moi exixentes. E, se tiveran ido á última xuntanza, unha xornada que fixemos dentro dos fondos europeos no Vello Cárcere, teríanse dado conta disto, e teríanse dado conta do ben que estamos executando a Estratexia DUSI na nosa cidade, os inconvenientes que viron desde Madrid á hora de tramitar certos expedientes, e non só porque o teñamos na cidade de Lugo, senón porque o están a vivir o resto de cidades. É máis, poñíannos de exemplo do grao de execución e do ben que estaba deseñada, pensada a Estratexia Muramiñae DUSI, que vai acorde co resto de estratexias que temos.

E xa llo dixo tamén un dos portavoces do Goberno: o carril bici, señor Carballo, está e ten o aval de Europa, e está pensado para cambiar a cidade. É curioso que vostedes sexan reacios a eses cambios tendo ganas de alternancia e querendo gobernar esta cidade, porque, á parte de ser unha tendencia de Europa de ir deseñando esas cidades do futuro, éche unha realidade que nos está tocando vivir. E, por certo, tiveron oportunidade de manifestar a súa posición en contra neste eido e non o fixeron tampouco, non puxeron alternativas nin dixeron que o que lles estabamos presentando aquí na Comisión no ano 2018 estiveran de acordo con ela. Polo tanto, non vale seguir enganando os cidadáns, non vale que agora que podo ver que hai unha parte minoritaria da sociedade que rechaza, non lle gusta, ou non o ve de momento, o carril bici, intentar sumar a iso barullo e xaleo con intereses partidistas. É aí é cando lle dicimos que non vale antepoñer os intereses partidistas polos intereses da cidade, porque a cidade de Lugo ten que seguir avanzando e ten que seguir avanzando nesa liña.

E despois xa o culmen do culmen, señor Carballo, é escoitalle que non fixemos nada en políticas sociais, que non fixemos nada para acompañar a xente. Foi co primeiro que empecei o debate. Para nós é fundamental o escudo e a protección social, porque non nos vale de nada ter unha cidade fermosa, preciosa, cun patrimonio, con calidade de vida, segura, que a temos, se hai unha persoa que pasa fame, ou se hai unha persoa que non pode acender a calefacción na súa casa, ou se hai un neno malnutrido, ou se hai unha persoa soa no noso Concello que non ten con quen falar. E, polo tanto, dedicámoslle o 30% do noso orzamento en condicións normais á protección social, a pensar nas persoas, sobre todo nos máis vulnerables. E á parte é curioso porque ata dixo e fixo unha composición: "é que non se fixo nada de acompañamento", cando temos un programa que leva ese nome, é o Acompañamos, para que esas persoas que están soas, que non queren estar soas, esa soidade non desexada, teñan a Administración local ao seu carón. Para que aquelas persoas que non teñen teito teñan o Fogar do Transeúnte. Para que aquelas persoas que non teñen onde comer teñan un prato quente cando menos diario. Para que aqueles nenos que ao mellor teñen poucos recursos ou teñen tamén problemas de manutención non teñan e teñan tamén ao seu carón o Concello de Lugo. Isto xa é o colmo, porque falar de que non temos políticas sociais

ACTAS E GOBERNO

RBB/jch

Refª: ispac4273316062476398200.doc

Asunto: PLENO EXTRAORDINARIO DO 23-12-2021 (DEBATE ESTDO DO CONCELLO)

no Concello de Lugo é non coñecer, mentir e intentar enganar a cidadanía. Pero afortunadamente iso non lle funciona así.

Pero hoxe estabamos no Debate do estado da cidade do ano 2021, xa que fixemos un *totum revolutum*. Eu o que pretendín neste pouco tempo, que ao final facer balance dun ano dunha forma somera é complexo, pero fixen ou intentei facer de feito un balance do que temos feito, a través dos fondos europeos, LIFE, DUSI, non o vou reiterar, xa o dixen na primeira intervención, a través dos fondos Next Generation, o que xa temos proxectado e no que estamos xa traballando para seguir proxectando. E virán máis proxectos novos, máis convocatorias novas, porque os proxectos xa os temos, témolos en moitos casos definidos, como poden ser estes Next Generation todo o casco histórico e toda a arteria para unir a zona da Mosqueira coa anterior zona peonalizada diante dos nosos edificios municipais, para darlle unha imaxe de integración a toda esa zona, a esa arteria, onde veremos a Muralla dende unha perspectiva moito máis ampla, porque toda a praza da Constitución será unha zona peonil que, sumada ás outras dúas, será unha única zona peonil da cidade e será un punto emblemático da mesma, e isto farémolo a través dos Next Generation, como a axenda urbana, como moitos outros proxectos que están por vir.

Pero tampouco, non olvidaremos os barrios, seguiremos actuando por todos e cada un dos barrios: asfaltados, iluminacións, máis zonas peonís, como pode ser a zona de Recatelo, como pode ser a zona da Milagrosa, como poden ser moitas e moitas actuacións; seguindo mellorando tamén zonas verdes, humanización de espazos, facendo como dicía esas zonas verdes, eses espazos públicos a extensión dos nosos fogares, esas zonas de confort que son extensión dos nosos fogares.

E ao mellor os que teñen unha imaxe equivocada na súa mente sexan vostedes, a oposición, porque nós, reiteramos, falamos con todos os axentes económicos e sociais da nosa cidade. Son eles moitas veces os que nutren moitas das propostas, sumámoslles a que se unan tamén a nutrir propostas para mellorar e seguir mellorando a cidade de Lugo.

Son 22 meses de pandemia os que levamos e, a pesar de todo, creo que hai un moi bo traballo feito. Polo tanto, agradecer novamente o labor tamén funcional de todos e cada un dos funcionarios para que isto puidera saír adiante.

E tamén lle dicía –e con isto conclúo– o que queremos facer, porque non só é facer un balance do feito, senón sobre todo e o máis importante sempre son os proxectos que quedan por facer. E aí queremos en breve licitar, como dicíamos, a cloaca dese proxecto dentro do Muramiñae, seguir avanzando no mesmo nos proxectos europeos, no LIFE, no DUSI, no Smart, nos Next Generation. Seguir investindo nos barrios, non xa só o que temos feito, senón o que tamén se recolle nos propios orzamentos para seguir investindo os barrios, para seguir investindo na e-Administración. Seguir fomentando a economía a través dun programa de emprego, de iniciativa social pensando nos máis vulnerables, como sempre, poñéndoos por diante de todo e protexendo as persoas, isto para nós vai seguir sendo fundamental.

E a mellor política que se pode facer, a mellor política social que podemos facer é a creación de emprego. Por iso no ano 2022 tamén imos ver esa inversión dun millón

de euros dentro de Lugo Transforma, dentro dese fondo de capital de inversión para captar riqueza e vai haber unha inversión xa dun millón de euros no ano 2022, e iso vai xerar emprego e riqueza.

E os datos, por moito que intenten terxiversar tamén din o contrario. Hoxe estamos, e dicíao ao principio da intervención, un punto e medio por baixo, co cal isto significa á inversa, de que estamos mellor neste momento que antes de datos da pandemia e aínda imos seguir mellorando esa cifra, porque o obxectivo tamén é acadar un paro cero dentro do noso proxecto de dinamizar a economía da nosa cidade.

Polo tanto, é o que queremos, é ao que lle pedimos que se sumen. Parecía que o señor Carballo nesa parte final do seu discurso agradecía o traballo que estamos facendo nesa segunda gran transformación, porque na descrición dese modelo de cidade que dicía o señor Carballo estaba transcribindo e redactando e relatando o que nós levamos sete anos traballando. Polo tanto, grazas por sumar e recoñecer que estamos no bo camiño.

E finalizo como finalizaba esta primeira intervención: non esquezamos nunca que Lugo é forte e un Lugo forte é aquel que suma as forzas de todos e de todas. Así que, esperando que sumen todos e todas, desexarilles a todos e todas moi felices festas, un final fin de ano, que disfruten dentro das posibilidades pola situación pandémica que aínda estabamos a vivir, da familia e dos amigos, e sobre todo que teñamos moita saúde.

Moi bo día e ata o ano que vén, polo menos en sesión plenaria, que que non trazamos aínda o da semana que vén ordinaria. Felices festas.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Excm. Sra. Alcaldesa dá por rematada a sesión, sendo as catorce horas e corenta minutos do expresado día vinte e tres de decembro de dous mil vinte e un, estendéndose esta acta que, de acordo co establecido no artigo 110.2 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, unha vez aprobada polo Excmo. Concello Pleno, transcribírase ó Libro de Actas, autorizándoa coas sinaturas da Excm. Sra. Alcaldesa, dona Lara Méndez López, e do Secretario. De todo o cal, eu, don Rafael José del Barrio Berbel, Secretario Xeral do Pleno, dou fe.